

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que, sendo as vinte e unha horas e vinte e tres minutos, ao finalizar a votación e adopción do acordo do asunto 2.6 incluído na orde do día, auséntase do salón de sesións o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, asumindo a presidencia da sesión o primeiro tenente de alcalde, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2016, á sesión extraordinaria do día 31 de agosto de 2016 e á sesión ordinaria do día 14 de setembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2016, á sesión extraordinaria do día 31 de agosto de 2016 e á sesión ordinaria do día 14 de setembro de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- os vinte e un concelleiros que integran o Pleno municipal na sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2016
- dezasete concelleiros na sesión extraordinaria do día 31 de agosto de 2016 [os seis concelleiros do PP; don Juan González Leirós, concelleiro de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 14 de setembro de 2016 [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel M^a Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de Alcaldía respecto da modificación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, e as súas retribucións

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, aprobou a determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións.

O apartado primeiro do citado acordo foi modificado en sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de marzo de 2016, quedando fixados, a día de hoxe, os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola Administración de orixe en caso de servizos especiais) que igualmente se indica:

- Concellería da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes: 27.000 €
- Concellería da Área de Servizos e Xuventude: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación: 24.000 €
- Concellería da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia: 24.000 €

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía núm. 1839/2016, do 18 de novembro, pola que se determina a modificación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos municipais, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2016, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, quedando redactado tal e como se transcribe a continuación:

“Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- *Concellería da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente: 40.000 €*
- *Concellería da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio: 27.000 €*
- *Concellería da Área de Servizos: 24.000 €*
- *Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €*
- *Concellería da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación: 24.000 €*
- *Concellería da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade: 24.000 €*
- *Concellería con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia: 24.000 €*
- *Concellería con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación: 24.000 €*
- *Concellería con delegación especial do servizo de Deportes: 24.000 €”*

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.»

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016, coa corrección do erro detectado na proposta relativo á inclusión

da Concellería da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación e, polo tanto, coa seguinte parte dispositiva:

«**Primeiro:** Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2016, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, quedando redactado tal e como se transcribe a continuación:

“Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio: 27.000 €
- Concellería da Área de Servizos: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación: 24.000 €
- Concellería con delegación especial do servizo de Deportes: 24.000 €”

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.»

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o señor concelleiro leulles a proposta da Alcaldía. El ten que dicir que o señor alcalde presenta aquí unha proposta para que sexa ratificada polo pleno da Corporación respecto dos cargos e retribucións dos novos concelleiros como consecuencia da cuarta remodelación do seu goberno en ano e medio. E sabe contar, señores do goberno, son catro, non tres. Primeiro, foi o goberno de UxC co PSOE; despois, houbo a rotura do pacto e unha avocación de competencias, co que quedou outro goberno. Tres, novo pacto co PSOE e catro novo goberno de UxC, PSOE e BNG.

Considera que é un goberno de perdedores. O que non acadaron nas urnas, conségueno nos despachos. Dille ao señor alcalde que isto é unha fuxida cara adiante, para asegurarse a maioría nos temas importantes que ten que asumir nun futuro moi próximo, como por exemplo, os orzamentos, e así tapar as vergonzas da perda de subvencións doutras administracións que suman algúns millóns de euros. Eles saberán, esa é a súa responsabilidade, pero dende longo dilles que non contén co apoio do seu grupo.

Continúa a dicir que lles propoñen que aproben retribucións para eses concelleiros que terán dedicación exclusiva, facendo gala dun goberno austero e que lle custa aos veciños de Cambre menos que o anterior goberno do PP. Pero menten, cústanlle aproximadamente un 21 por cento máis aos veciños de Cambre. E di aproximadamente, porque claro, a excepción do señor alcalde, que polo menos si saben o que vai cobrar, non saben o que lles custa o señor Juan Evaristo Rodríguez, ou o que lles vai custar o señor Carballada, que cobrarán por asistencias aos órganos colexiados.

Por certo, pide que lle permitan que lles lembre un parágrafo que corresponde ao pleno do 26 de xullo do 2012: *“Expón que eles sempre defenderon que o Sr. alcalde e os membros do goberno teñen que ter unhas retribucións dignas polo seu traballo, pero iso é unha cousa e outra son cuestións como a que se mencionou do Sr. Manuel Marante Gómez, sobre os catrocentos cincuenta euros que non son máis que un salario encuberto, ou dito doutra maneira pouco poética, un fraude á Seguridade Social nunha persoa que está prexubilada. É un*

descrédito para Cambre que se pretendan levar ao pleno medidas de austeridade cando se fan xuntas de goberno semanalmente (...)"

E claro, ás retribucións do goberno hai que sumar o que percibe o persoal eventual, un por cada grupo. E loxicamente hai que incorporar o gabinete de prensa, que o teñen contratado a unha empresa externa e que non suman no custo do goberno, mentres que no goberno do PP era unha persoa, persoal de confianza eventual.

Pero o que máis lle sorprende é que continúen mantendo a desigualdade entre homes e mulleres. Non entende por que co mesmo traballo, un concelleiro sendo home cobra máis que unha concelleira sendo muller. Iso demostra pouca sensibilidade e faino un goberno que se chama de esquerdas.

Conclúe dicindo que o seu grupo, dende logo, non pode estar de acordo con este aumento de retribucións que sofre o goberno de Cambre. Loxicamente, eles fano porque necesitan esa maioría, é moi lexítimo, pero non a cargo dos veciños de Cambre. Polo tanto, o seu grupo non apoia esta proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta, en primeiro lugar, que dende a Asemblea Cidadá de Cambre quere felicitar con sinceridade aos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego polo paso que acaban de dar. Saben, porque é un partido co que levan tendo dende hai tempo grandes afinidades, que a vontade dos compañeiros Brais e Daniel non vai ser outra que facer un bo traballo para os veciños e as veciñas de Cambre.

En segundo lugar, quere tamén felicitar ao actual goberno de Cambre, por conseguir acadar unha maioría absoluta que lle vai permitir consolidar a súa particular forma de facer goberno ata o de agora.

En terceiro lugar, gustaríalle, antes de entrar en materia con respecto dos cargos, recriminar ao señor alcalde que o que debería ter sido un cambio de formato de goberno a día de hoxe, neste pleno, tranquilo, afable, cordial e pacífico, de pronto se viu sobresaltado polas declaracións públicas que realizou o señor alcalde cargando as tintas contra Asemblea Cidadá de Cambre sen ter explicación e di que pola súa parte non o entendeu, nas que dicía que presupoñía que Asemblea Cidadá de Cambre seguía sendo Esquerda Unida, deslexitimando Asemblea Cidadá de Cambre, tal como, se de repente, a ela se lle dera a gana de presupoñer que Unión por Cambre seguía a ser o PSOE; ademais, podía velo desa forma cando nalgún dos cambios de goberno que mencionaba o señor Rivas parece que estiveran dirixidos por alcaldes socialistas de concellos limítrofes, igual que di o señor alcalde nesa entrevista que Asemblea está dirixida.

Continúa a dicir que o señor alcalde tamén di nesa entrevista que dende Asemblea Cidadá de Cambre fan políticas de non polo non. Iso, dillo claramente, señor Patiño, iso é unha absoluta mentira. Non fan políticas do non polo non. Unicamente votan en contra daquelas propostas, ou veñen votando ata o día de hoxe, en contra daquelas propostas que o señor alcalde pretende que se lle aproben non sabe se por guapo ou por outro tipo de característica, pero non porque sexan defendibles dende o punto de vista de Asemblea Cidadá ao cen por cen.

Di que votan en contra de permitir que se continúe pasando por alto que en Cambre se paga ao chou e ao louco millóns de euros a empresas sen contrato. Disto votan en contra. Está en contra de que se paguen salarios desmesurados a concelleiros que recúan tamén en público con respecto dos seus compromisos de campaña, tal como aprobar o plan xeral. Disto votan en contra. Está en contra de que as mulleres cobren menos que os homes polo mero feito de selo. Disto votan en contra. Pero no resto de medidas, se lembra, dende o inicio da lexislatura ata o día de hoxe, as apoian, abstéñense, na medida que consideran que si son defendibles. Entón, non é o non polo non.

Continúa a dicir que por suposto o que fan e que tamén di o señor alcalde é que se absteñen cando consideran que se poden mellorar as propostas. O problema é que o señor alcalde pensa que fai todo perfecto e non admite críticas. Non serán tan malas as propostas que fai Asemblea Cidadá cando o ano pasado, lembrarán que para o

pleno de orzamentos do 2016, foi o grupo que máis iniciativas presentou, que presentou 27 medidas, e das 27 aceptaron e loaron 18 delas, tan malas non serán.

Di que agora xa, entrando en materia, a proposta de reparto de áreas de novo goberno está feita, como non pode ser doutra forma, tendo en conta as calidades de cada un dos concelleiros e das concelleiras. Atopámonos polo tanto que, a día de hoxe, nun concello como o de Cambre, existen concellerías como Turismo, Acción Voluntaria ou Movemento Asociativo, pero con nin máis nin menos que once concelleiros en Cambre. Non temos Concellería de Economía e Facenda, isto xa o dixo algunha vez. Agora, súmanse dous concelleiros máis e un concello da envergadura de Cambre segue sen ter concelleiro de Economía e Facenda.

E isto, di señor alcalde, volvendo á entrevista, non é dicir ou dar paos de cego, que tamén el o comentaba, nin dicir non por dicir non. É falar dunha realidade que, mal que ben, é a que a día de hoxe hai en Cambre. Se Asemblea Cidadá de Cambre entende que un orzamento como o de Cambre merece algo máis que poñer unha caixa do correo na porta, iniciativa que por outra parte lle felicita, ten a obriga de dicilo e, non por iso son menos válidos en política do que é por exemplo Ciudadanos, partido que o señor alcalde tamén mencionaba e felicita porque Ciudadanos limitase a preguntar e o señor alcalde a responder. Con Asemblea Cidadá de Cambre, non con Esquerda Unida, con Asemblea Cidadá de Cambre vai ter algo máis que preguntas.

Segue a dicir que con respecto da votación neste punto. O seu grupo vaise abster, e precisamente polo que o señor alcalde dixo en prensa, porque o seu grupo pensa que a configuración das áreas de goberno se poderían mellorar, e moito. Foron deseñadas as concellerías, como dicía, segundo as persoas que foron entrando nos distintos gobernos e entenderá o señor alcalde que aínda que o seu voto a día de hoxe non vale máis que o propio testemuño del, a abstención non deixa de ser un importante voto de confianza cara a este novo goberno, para un goberno que considera feble e con carencias, aínda que teña unha maioría absoluta. Non votarán en contra, que aínda que o señor alcalde o pense, a postura non é, insiste, o non polo non, é ser consecuente co que prometeron ou se comprometeron cos seus electores e, sobre todo, ser consecuente co que son, Asemblea Cidadá de Cambre.

Di que este acordo co BNG, sexamos claros, xa se viña intuindo, se lembramos intervencións nos plenos do señor Carballada, que leva facendo de voceiro da alcaldía varios meses, por non dicir de alcalde consorte, chegando incluso a cambiar o sentido do seu voto no último momento para que, supón ela, isto é unha suposición persoal, o señor Patiño non se lle enfadara nas negociacións e non obrígalo a ter que dar transparencia nas xestións do goberno. Aínda así, reitera, e isto tiña que dicilo porque así o sente e saben cal é a filosofía de Asemblea Cidadá de Cambre que manifestar o que pensan e o que ven. Reitera que son plenamente conscientes de que a vontade dos compañeiros do BNG vai ser a mellor posible, aínda que para chegar a este entente necesariamente se tiveron que suavizar no discurso, algo que tamén levan vendo nos últimos meses.

Con respecto do baile de siglas, se lle ocorre señor alcalde, que como eles, parecer ser que non son Asemblea Cidadá de Cambre, Unión por Cambre agora pode significar Unidos polo Centro. Gústalle esta nova definición, porque esta é a tendencia absoluta do seu goberno. Na oposición, a día de hoxe, en Cambre, queda dereita e esquerda e esquerda real de Cambre e, como tal, van a seguir facendo política e oposición de esquerdas, iso si, non dubiden que se este novo goberno que nos están a presentar é bo e traballa ben para Cambre, serán os primeiros en recoñecelo, en facelo saber e aplaudilo. Se o fan ben, terán o si polo si.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo considera que este novo pacto é unha moi mala noticia para Cambre, non soamente polo custo económico que supón outra concellería e as asistencias engadidas ás Xuntas de Goberno, todo isto terá que pagalo os veciños de Cambre, senón porque parece que ao señor alcalde o único que lle importa é a maioría absoluta, para perpetuarse no goberno. De verdade, señor Patiño, vaille entregar a Concellería de Cultura a unha persoa con tan mala educación como o señor Carballada. Alguén que sempre chega tarde aos plenos e que xamais tivo a delicadeza de pedir desculpas nin unha soa vez. Alguén que humilla con contundencia e burla ao resto de

membros da corporación. Isto é o seu gran logro, a súa grande incorporación. Xa sabe que ao señor alcalde lle dá igual, pero di que esa mesma persoa empregou unha ferramenta móbil creada polo señor alcalde, da que é administrador, e baixo o logotipo oficial do Concello de Cambre, isto que si é triste, baixo o logotipo oficial do Concello de Cambre, para soltar perlas como a seguir vai ler: noxo, miserable, prea, escoura. Pois si, quen di todo isto, baixo o logotipo oficial do Concello de Cambre, é o seu futuro concelleiro de Cultura ou da área de Cultura. Unha persoa que utiliza estas palabras vai deseñar as actividades infantís dos nosos rapaces. Pois si, verdade, porque cando ocorreu isto, o señor alcalde non tivo a valentía de dicir como administrador dese grupo, como alcalde, que baixo o logotipo oficial de Concello de Cambre non se empregaran ese tipo de expresións; claro, estaba en xogo o pacto e había que permitir que este señor soltase o que se lle viñese en gana.

Continúa a dicir que o máis triste de todo isto é o motivo polo que se produciu todo isto. De todas as maneiras, quere lembrar ao señor alcalde, lembra ao saír daquelas famosas comisións informativas aquel día, estaba o señor Evaristo e algún que outro concelleiro, a frase que dixo. Dixo esta é a baixa calidade política que temos no Concello de Cambre. E, zas, menos dun mes, e xa pactou con esa baixa calidade política que mencionaba.

Di que o voto do seu grupo vai a ser en contra. Os seus votantes xulgarán o que está a facer con este pacto. Tristemente, valores como a moderación e a sensatez quedarán diluídos con este pacto.

Di que o seu grupo dende o principio renunciou a participar no goberno do señor alcalde, precisamente para manter as mans libres e poder dicir o que pensa. No ano e medio que leva aquí, aprendeu a relativizar os ataques, a non se desestabilizar. Hai quen cando se pon nervioso recorre ao insulto fácil e gratuío. Afortunadamente, aínda hai cidadáns que están dispostos a aguantar, a sufrir, a soportar, en fin, a tolerar; e isto lle dá máis ganas de traballar.

Polo tanto, o seu voto vai a ser contra porque considera que alguén que utiliza esas expresións non pode e non debe representar á cultura en Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que agradece profundamente en nome do Bloque Nacionalista Galego as palabras da voceira de Asemblea Cidadá de Cambre. Entende que o Bloque Nacionalista Galego e a Asemblea Cidadá de Cambre son dúas forzas que teñen un posicionamento político e ideolóxico respecto de multitude de temas moi semellante. Sempre se di en política que ás veces é máis doado ter unha relación minimamente cordial con quen está no teu extremo ideolóxico, porque na política non funcionan os vasos comunicantes e ás veces pode dar a sensación que sendo forzas que se reivindicán como da esquerda real e transformadora disputan un mesmo electorado ou espazo social, nese sentido, entende que lle honra a Asemblea Cidadá de Cambre e os seus dous concelleiros os bos desexos que lle trasladan nesta sesión plenaria como lles honra tamén, aínda que loxicamente non o comparte a crítica política que si demanda e agarda se veña realizando con total e enteira contundencia o seu labor de goberno sabendo que van ter sempre non un contrincante, non un rival senón compañeiros de corporación, compañeiros de corporación que neste caso están no oposición e el no goberno. Ogallá o día de mañá poida compartir goberno. Non é esta unha cuestión improvisada senón que fala do sentir do que ten falado na asemblea local do Bloque de Cambre. Considera que sería iso no futuro unha boa noticia para Cambre, incluír a unha forza política de esquerda tan respectable como é Asemblea Cidadá no goberno municipal.

Di que asume e considera razoables dúas das críticas presentadas a nivel de Bloque Nacionalista Galego. Considera efectivamente que debería de haber unha concellería de Economía e Facenda. Tamén considera que esa cuestión está sendo atendida e xestionada coa suficiente solvencia polo actual equipo de goberno ata o de agora neste ano e medio de mandato e considera e espera que así poida ser no que resta, pero considera que é unha crítica perfectamente asumible e tamén o relativo que se esbozou en parte na intervención da compañeira Olga Santos en canto á participación cidadá, que é un tema quizais un pouco parado.

Continúa a dicir que agradece tamén profundamente a Ciudadanos o seu voto en contra. É un voto que lle honra, do que se sente especialmente satisfeito e orgulloso. Considera que Ciudadanos lle faltou ao respecto, cando por cuestións estritamente laborais, porque traballa, porque non vive unicamente da política, senón máis ben para a política, non puido ir xunto con outros grupos a un órgano colexiado do Concello de Cambre. Di que el leva camiño dos cinco anos de concelleiro e se contan cos dedos dunha man e, sobran dedos, ás veces que ten faltado a algún organismo colexiado.

Di que hai un grupo de whatsapp, para quen non o saiba, onde están os voceiros municipais do Concello de Cambre. Cre que é algo que arrancou incluso no mandato anterior, pode ser, porque malia moitas cuestións políticas que poden dicir duramente sempre hai un mínimo de cortesía, de compañerismo, de certa camaradaría para comunicar as cousas. Di que nese grupo de whatsapp o señor alcalde lles preguntou aquela tarde de mércores, cre lembrar, por que non foran varios grupos aquela reunión que tiña lugar xusto despois das eleccións autonómicas. El contestoulle porque se lle pasou. Foi sincero. Podía ter inventado calquera outra historia, unha tía no hospital ou unha escordadura ao baixar as escaleiras da casa. Respondeu con sinceridade tanto el como o voceiro doutro grupo, neste caso Asemblea Cidadá, que non foron porque se lles pasou. Esa información privada, dese grupo de whatsapp foi filtrada á prensa a través dun comunicado por parte da voceira do grupo de Ciudadanos. E iso o tivo que almorzar ao día seguinte. Para o seu grupo iso é sobarda absolutamente todos os límites da ética e da educación. E na súa reflexión whatsappeira, na súa persoal, na de Dani Carballada, tivo a decencia de non nomear absolutamente a ninguén dentro lóxicamente do seu cabreo. Quen lle coñeza minimamente sabe que, en fin, ás veces, as formas poden ser un pouco rudas, pero que na súa cabeceira, abrigase aínda un cerebro relativamente ben amoblado e coa cabeza fría para cando hai que tela.

O señor alcalde interrúmpelo para solicitarlle que se cinga ao punto en concreto.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que remata xa, referíndose tamén ao posicionamento mostrado polo Partido Popular. Di que, efectivamente, o seu grupo ten tido posicións críticas con formulamentos anteriores de goberno; en certa maneira segue a mostralo, pero tamén teñen tido sempre o mellor dos desexos para quen participaba do goberno no Concello de Cambre e deséxalle a quen estivo no seu momento no goberno de Cambre no exercicio do seu labor dirixindo o concello todas as sortes e a seguen a desexar agora, sen ningún tipo de maldade cando froito desa acción de goberno se derivan consecuencias que para ningún de nós queren. Cre que o fai coa elegancia suficiente, coa educación debida e con sumo respecto; nese sentido o seu grupo entrará a formar parte dun equipo de goberno, o pode dicir coa voz moi firme e dunha maneira moi clara, cre que ninguén lle pode recriminar que entre nun goberno para facerse rico nin cousa parecida. Foi unha decisión moi meditada no tempo. Entende que os salarios non son escandalosos e nese sentido dicir unha cuestión tamén matizar parte do que aquí se dixo. Hai tres compañeiras, cre lembrar, está falando ágora de memoria, sen papeis que van percibir 24.000 brutos anuais. Hai tamén un compañeiro que é Brais Cubeiro, que vai percibir ese salario, porque entende que é un salario digno. Da mesma maneira, tamén entende que se unha persoa pola súa capacitación, polos seus méritos adquiridos ten un posto de traballo previa dedicación pública onde cobraba 27.000 euros, unha diferenza de 3.000 euros ao ano, entende que é xusto e lóxico que o continúa a ganar, porque tampouco lle parece unha cifra escandalosa.

Di que remata e tempo terá para ver cuan extremista é, cantos nenos se comen dende o Bloque no goberno, da acción e da xestión das súas áreas. O que si vai quedar e quere deixalo.

O señor alcalde dille que remate por favor.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que remata xa de inmediato e pídelle desculpas. Di que as súas portas, as portas das súas concellerías, da súa área de goberno van a estar sempre, total e absolutamente, abertas, comunicación omnidireccional, con todos os vinte un concelleiros desta corporación e os vinte e catro mil veciños do Concello de Cambre. Di que non podía ser doutra forma e pide desculpas ao señor alcalde pola extensión da súa intervención.

O señor alcalde quere dicirle ao Partido Popular que a desigualdade, acaba de dicilo ágora o compañeiro Daniel Carballada, entre home e muller antes podía ter ata certo argumento que non sempre dixo que non era así. Pero neste momento, quen entra é un home non unha muller, non sabe si de dan conta disto.

O señor alcalde pediríalle a dona Olga Santos, por favor, polo que significa para ela tamén que retire o de guapo, porque sabe que na lexislatura pasada un concelleiro se dirixou a ela nun aspecto similar e non lle gustou. Di o señor alcalde que a el tampouco lle gustou. Cre que tamén sobra esa palabra na súa exposición que respecto, por suposto, lle pediría, de verdade, que retire cando menos o de guapo, que non vén ao caso.

Continúa a dicir o señor alcalde que respecto do concelleiro de Economía e Facenda non existe. O alcalde leva Economía e Facenda e ata o de agora, cre, que non vai tampouco tan mal. Están a pagar aos dezanove días, moi por debaixo do que pagan os concellos limítrofes. Presentou uns orzamentos antes do día 31 de decembro para aprobar. Hai moitísimos anos, máis de vinte e cinco anos, din que non se presentaba a este pleno uns orzamentos antes do 31 de decembro. O tema da caixa do correo, era unha parte máis do que o seu grupo pretende facer, que é chegar a escoitar a cantos máis veciños mellor. Agradecería a dona Olga Santos que retirara esa palabra porque ela sabe que está fóra de lugar.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que en relación co que comentou a concelleira de Ciudadanos en canto ás palabras do señor Carballada nese grupo de whatsapp quere facer unha pequena puntualización porque esas palabras do señor Carballada que el perfectamente xustificou ou desculpou e, ela aí non se vai a meter, viñan por unhas declaracións que efectivamente a concelleira de Ciudadanos fai á prensa utilizando unha ausencia dos grupos a unhas comisións informativas como escusa para poder publicar un titular de prensa. Entón, como Ciudadanos en realidade non ten forma de xustificar o salario que cobra se dedica a utilizar este tipo de argumentos torticeros para facer política de Sálvame Deluxe, porque política de verdade non a sabe facer.

Continúa a dicir que respecto do de guapo, efectivamente, retira o termo e pide desculpas por telo utilizado. Non estaría de máis tamén que o señor alcalde pedira desculpas a Asemblea Cidadá de Cambre polas súas manifestacións en prensa.

Di que respecto do tema de economía e facenda. Que non haxa ningún concelleiro e, isto cre que xa algunha vez o ten falado co señor Leirós, que non haxa ningún concelleiro especificamente de Economía e Facenda e que Economía e Facenda, ou Facenda o leva o señor alcalde non significa absolutamente nada. Se non o levara el, os orzamentos tamén saen, aí están os funcionarios, é dicir, se de repente ao señor alcalde se lle ocorrera con toda a cantidade de faena que ten, esquecerse dos orzamentos, os orzamentos tamén se aproban un pouquiño antes, un pouquiño despois, tamén se aproban. A importancia e, isto tamén o teñen falado noutras ocasións, desa concellería é que esa concellería é a que debuxa a política orzamentaria que un goberno quere levar a cabo cos recursos limitados dos que dispón, porque evidentemente hai que pagar os salarios, porque evidentemente hai que botarlle gasolina ao coche da policía local e, para iso, para facer un orzamento non fai falta un concelleiro, dende logo que non. Se o fai, e o fai ela ágora mesmo, non hai ningún problema. Outra cousa é que, de verdade señor alcalde, outra cousa é que se faga coa sensibilidade coa que o seu grupo se presenta diante dos seus electores e di van ser ou son un goberno de esquerdas, ou van dedicar diñeiro a políticas sociais, ou non. É dicir, hai unha serie de compromisos políticos que se trasladan aos orzamentos sempre que exista alguén que implemente eses compromisos políticos. Di que se non houbera ningún concelleiro de Economía e Facenda e sen non o fixera o señor alcalde, tamén había orzamentos en Cambre.

Continúa a dicir que respecto da caixa do correo, llo felicitou. Acaba de dicirle que é unha medida que felicitou, pero que absolutamente insuficiente como para poder implementar esa política da que en campaña electoral cada un fixo a súa.

O señor alcalde manifesta que a diferenza entre un pouquiño antes e despois está precisamente a xestión que pode facer un concelleiro que leva calquera área, á parte da sensibilidade. Di que ela espere a ver ben os orzamentos, que non dubida que o vai a facer, e despois faga crítica se non hai sensibilidade social nestes orzamentos. Di que cre que está facendo o traballo o mellor que pode e cre que os resultados, con sinceridade, non son malos.

Continúa a dicir o señor alcalde que habería os orzamentos se non hai quen os dirixa, el o dubida. Di que leva dende o mes de agosto traballando nisto, el persoalmente, para presentalos antes do final do ano. Se non fose así, veríamos a ver como se facía.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), quere aclarar que o seu grupo non filtrou ningunha información de ningún grupo de whatsapp. Simplemente en nota de prensa, e a ten aquí con ela, expresou a súa incredulidade, e esta é a palabra que utiliza o artigo de "La Opinión", ante esas faltas de asistencia a unha determinada sesión, que é como ten que acudir calquera persoa ao seu posto de traballo. Di que quizais ela non é tan erudita como a señora Santos, que xa a temos a ela aquí para que nos dea clases a todos. Di que o de ter que ir a traballar, ela cre, que o entende calquera traballador de Cambre e de calquera sitio.

Di que non se imaxina que na Citroën un día de repente non se presentara a metade do cadro de persoal da cadea de montaxe. Non o sabe. Ao mellor, resulta que é normal. Ao mellor, hai quen se cre que ten que ter certos privilexios políticos e que se algún día non acode a súa responsabilidade como concelleiro, pois non se pode dicir nada, nin sequera amosar a incredulidade, que foi todo o que fixo Ciudadanos. Hai que calar, non sabe se existe un código secreto, quizais, como é nova, non o sabe e non se pode dicir nada disto. Cre que calquera traballador, polo que sexa, falta un día, o que non pode facer é matar ao mensaxeiro e utilizar semellantes verbos e semellantes insultos simplemente, repite textualmente, Ciudadanos mostrou a súa incredulidade pola ausencia. Ao parecer, estas palabras foron as que espertaron todos estes ataques verbais. Di que é moi fácil insultar a través dunha aplicación móbil. O que esperaba era que o señor alcalde dixera que baixo o logotipo oficial do Concello de Cambre e sendo el o administrador, non se podía permitir estas palabras.

O señor alcalde lembra que o grupo de whatsapp o creou el, non o había na anterior lexislatura. Quere lembrarlle a Daniel Carballada, que había un grupo de whatsapp cre que na oposición, pero non había dos voceiros municipais.

Dille a dona M^a José García que cando se queira defender, que se defenda primeiro se despois quere que a defendan os demais. Di que el leu o whatsapp igual que o leu ela e non vai a entrar máis neste detalle, que se está a tratar un punto e que se está indo realmente das mans, cun tema de whatsapp, xa parecemos case nenos con dezaseis anos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2016, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, quedando redactado tal e como se transcribe a continuación:

“Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio: 27.000 €
- Concellería da Área de Servizos: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación: 24.000 €
- Concellería con delegación especial do servizo de Deportes: 24.000 €”

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.

2.2. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 12/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 36.130,39 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por terse presentado a finais de ano e non ser posible conformalas e tramitalas antes de finalizar o 2015, ou ben por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 12/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 36.130,39 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM. ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/5209	04/12/2015	B27182682	CALFENSA PROYECTOS S.L.	2.198,84
F/2016/1793	16/05/2016	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	254,99
F/2016/2556	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	75,89
F/2016/2604	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	82,34
F/2016/2605	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	209,22
F/2016/2617	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	85,61
F/2016/2618	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	17,59
F/2016/2634	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	98,72
F/2016/2646	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	23,06
F/2016/2652	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	70,52
F/2016/2654	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	233,00
F/2016/2678	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	106,73
F/2016/2680	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	97,41
F/2016/2681	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	29,97
F/2016/2684	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	121,13
F/2016/2685	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	135,59
F/2016/2686	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	39,55
F/2016/2687	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	261,41
F/2016/2688	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	32,98
F/2016/2689	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	52,45
F/2016/2691	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	95,65
F/2016/2694	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	248,61
F/2016/2695	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	73,46
F/2016/2696	11/06/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	150,32
F/2016/3218	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	89,50
F/2016/3220	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	121,65
F/2016/3221	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	59,50
F/2016/3222	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	151,98
F/2016/3223	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	204,67
F/2016/3224	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	170,85
F/2016/3227	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	83,62
F/2016/3229	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	77,46
F/2016/3230	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	276,62
F/2016/3232	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	43,40
F/2016/3233	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	108,79
F/2016/3234	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	329,00
F/2016/3235	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,80
F/2016/3236	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	130,34
F/2016/3237	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	393,64



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/3238	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	36,12
F/2016/3239	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	79,81
F/2016/3240	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	29,79
F/2016/3241	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	146,06
F/2016/3242	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	108,92
F/2016/3243	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	65,18
F/2016/3244	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	116,60
F/2016/3245	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	109,89
F/2016/3246	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	21,30
F/2016/3247	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	164,15
F/2016/3249	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	26,74
F/2016/3250	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	33,52
F/2016/3251	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	189,93
F/2016/3257	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	109,09
F/2016/3260	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	156,21
F/2016/3262	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	148,36
F/2016/3263	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	241,19
F/2016/3265	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	165,81
F/2016/3269	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	200,84
F/2016/3270	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	31,07
F/2016/3274	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	69,07
F/2016/3276	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	84,02
F/2016/3283	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	162,13
F/2016/3284	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	174,51
F/2016/3286	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	72,66
F/2016/3288	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	112,20
F/2016/3289	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115,99
F/2016/3290	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	35,92
F/2016/3291	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	177,57
F/2016/3292	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	70,80
F/2016/3295	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	80,08
F/2016/3297	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	128,34
F/2016/3299	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,95
F/2016/3304	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	23,28
F/2016/3305	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	29,25
F/2016/3306	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	301,13
F/2016/3307	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	99,69
F/2016/3309	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	132,77
F/2016/3311	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	54,81
F/2016/3317	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	145,60
F/2016/3319	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,86
F/2016/3322	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,64
F/2016/3324	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	138,46



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/3325	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	104,05
F/2016/3326	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	36,08
F/2016/3327	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	106,65
F/2016/3328	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	274,46
F/2016/3329	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	263,10
F/2016/3330	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	75,07
F/2016/3331	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	58,67
F/2016/3332	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	279,90
F/2016/3333	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	188,40
F/2016/3334	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	136,61
F/2016/3335	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	142,93
F/2016/3336	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	117,06
F/2016/3337	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	425,81
F/2016/3338	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	104,69
F/2016/3339	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	187,04
F/2016/3340	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	70,08
F/2016/3341	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	79,38
F/2016/3342	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	146,35
F/2016/3343	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	179,30
F/2016/3344	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	30,61
F/2016/3345	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	42,97
F/2016/3346	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	274,72
F/2016/3347	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	92,77
F/2016/3348	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	164,32
F/2016/3349	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	38,45
F/2016/3350	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	123,57
F/2016/3351	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	86,79
F/2016/3352	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	235,53
F/2016/3353	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	191,72
F/2016/3354	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	145,10
F/2016/3355	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	205,49
F/2016/3357	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	149,86
F/2016/3358	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	93,56
F/2016/3359	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	127,17
F/2016/3360	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,07
F/2016/3361	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	149,37
F/2016/3362	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115,05
F/2016/3364	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	32,84
F/2016/3365	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,16
F/2016/3366	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	272,78
F/2016/3367	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	93,76
F/2016/3368	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	159,70
F/2016/3369	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	184,09



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/3370	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	199,99
F/2016/3371	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	67,38
F/2016/3372	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	277,08
F/2016/3373	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	113,93
F/2016/3374	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	227,35
F/2016/3375	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	201,21
F/2016/3376	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	102,74
F/2016/3377	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	99,96
F/2016/3379	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	77,52
F/2016/3380	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	128,91
F/2016/3381	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	113,04
F/2016/3382	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	6,28
F/2016/3383	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	153,25
F/2016/3384	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	20,11
F/2016/3385	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	73,18
F/2016/3386	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	81,81
F/2016/3387	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	182,76
F/2016/3388	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	126,69
F/2016/3389	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	27,36
F/2016/3390	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	71,32
F/2016/3391	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3392	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	157,28
F/2016/3393	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	61,30
F/2016/3394	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	37,68
F/2016/3395	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	138,75
F/2016/3396	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	144,30
F/2016/3397	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	175,56
F/2016/3398	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	163,93
F/2016/3399	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	58,96
F/2016/3400	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	118,34
F/2016/3401	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	215,02
F/2016/3402	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	154,66
F/2016/3403	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	140,93
F/2016/3404	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	174,48
F/2016/3405	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,51
F/2016/3406	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,34
F/2016/3407	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	55,82
F/2016/3408	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	105,48
F/2016/3409	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	243,86
F/2016/3410	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	225,68
F/2016/3411	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	271,79
F/2016/3412	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	110,24
F/2016/3413	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	224,41



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/3414	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	180,29
F/2016/3415	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	309,77
F/2016/3416	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	134,48
F/2016/3417	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	77,55
F/2016/3418	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	135,04
F/2016/3419	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,28
F/2016/3420	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	28,65
F/2016/3421	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	2,18
F/2016/3422	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	167,27
F/2016/3423	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3424	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	21,34
F/2016/3425	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	156,44
F/2016/3426	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	142,80
F/2016/3427	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	242,88
F/2016/3428	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	155,03
F/2016/3429	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	25,60
F/2016/3430	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	300,58
F/2016/3431	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	92,54
F/2016/3432	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	281,71
F/2016/3433	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	230,07
F/2016/3434	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	104,93
F/2016/3435	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	677,00
F/2016/3436	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	79,75
F/2016/3437	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	116,39
F/2016/3438	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,80
F/2016/3439	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	30,61
F/2016/3440	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	148,13
F/2016/3441	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	314,10
F/2016/3442	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	247,82
F/2016/3443	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	135,10
F/2016/3444	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	223,38
F/2016/3445	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	351,18
F/2016/3447	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	212,06
F/2016/3449	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	142,86
F/2016/3451	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	108,89
F/2016/3452	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	143,41
F/2016/3453	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	63,95
F/2016/3462	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	160,33
F/2016/3478	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	91,89
F/2016/3482	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	183,75
F/2016/3665	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	55,25
F/2016/3666	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	24,16
F/2016/3668	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	84,25



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/3669	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	203,01
F/2016/3670	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	177,95
F/2016/3671	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,97
F/2016/3672	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	101,48
F/2016/3673	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	55,20
F/2016/3674	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3675	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	193,93
F/2016/3676	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	178,75
F/2016/3677	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3678	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	162,01
F/2016/3679	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	85,28
F/2016/3680	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	125,89
F/2016/3681	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3682	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	24,03
F/2016/3683	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,16
F/2016/3684	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,49
F/2016/3685	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	1,88
F/2016/3686	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	96,86
F/2016/3687	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	77,23
F/2016/3688	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	83,50
F/2016/3689	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,60
F/2016/3690	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	179,89
F/2016/3692	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	204,72
F/2016/3693	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	303,20
F/2016/3694	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	136,57
F/2016/3695	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	166,74
F/2016/3696	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	161,62
F/2016/3697	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	32,55
F/2016/3698	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115,36
F/2016/3699	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	63,51
F/2016/3700	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2016/3701	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	42,05
F/2016/3702	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	188,86
F/2016/3703	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,47
F/2016/3704	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	167,91
F/2016/3705	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	36,57
F/2016/3706	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	194,06
F/2016/3734	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	64,48
F/2016/3735	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	146,92
F/2016/3736	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	125,20
F/2016/3737	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	146,46
F/2016/3738	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	535,46
F/2016/3739	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	42,45

F/2016/3740	08/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	110,28
F/2016/3813	09/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	137,06
F/2016/3815	10/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	187,26
F/2016/4548	08/09/2016	B70085956	FONDO INSTALACIONES ELECTRICAS, S.L	459,80
F/2016/5024	04/10/2016	B70314570	PORTO-MUIÑOS, S.L.	356,95
F/2016/5121	10/10/2016	B70448733	TINLOA ESTABLECIMIENTOS DE SERVICIOS, S.L.	9,99
F/2016/5122	10/10/2016	B70448733	TINLOA ESTABLECIMIENTOS DE SERVICIOS, S.L.	342,65
TOTAL				36.130,39 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a relación de facturas que se achega correspondente a prestacións realizadas en exercicios anteriores por un montante total de 36.130,39 euros. Sen reparos corresponden a Calfensa Proyectos, S.L. pola subministración e instalación de tubo a instalación do rego perimetral en campo de fútbol municipal Dani Mallo por un importe de 2.198,84 euros e á estación de servizo Bugallo, S.L. por un importe de 254,99 euros que corresponde á subministración de combustible vehículos municipais no mes de setembro. O resto das facturas corresponde a Gas Natural que non se pagaron no seu momento, posto que as facturas se presentaron en papel cando xa tiñan que estar presentadas telematicamente.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que hai un momento escoitaba de boca do propio señor García Patiño que efectivamente non había concelleiro de Economía e Facenda, pero que el mesmo se encargaba de todos os aspectos do desenvolvemento do orzamento, facturas e demais. Di que o señor García Patiño manifestou tamén que non cría que se estivera facendo tan mal.

Continúa a dicir que ela ve que o balance non é tal, porque hoxe mesmo se presenta nada máis nin nada menos que sete expedientes de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores que irán outra vez por conta do orzamento de 2016. Di que se se suma todas as facturas que se aprobaron a través de recoñecemento de crédito soamente no ano 2016 nos atopamos que máis dun millón cen mil euros do orzamento municipal son aprobados a través deste sistema. Descoñece o motivo polo que son tan numerosos este tipo de expedientes neste mandato, pero si cre que algo está fallando no sistema, na concellería se é que existe ou cando menos, no sistema.

Di que o seu grupo non considera que sexa unha práctica normal polo menos nesta cantidade de expedientes que se presentan. Se a isto lle sumamos as facturas que se aproban con informes de reparo nas Xuntas de Goberno local por un importe de 242.000 euros nos encontramos con que máis dun millón cen mil euros en facturas se están a pagar por procedementos que non deben de ser os habituais, polo tanto, si que pensa que algo no se está a facer ben, cando menos, neste sentido, sobre todo, cando logo se aparece en prensa tan alegremente dicindo que se paga aos provedores en dezanove ou trinta días. Non ten datos ademais reais porque, en concreto, o grupo municipal popular está a solicitar ao goberno dende hai máis dun mes e por segunda vez o estado de execución do orzamento, porque pode afirmar ágora mesmo cos poucos datos que ten, cos únicos datos que ten, dentro do orzamento de gastos o capítulo de gasto corrente que abarca un importe total de seis millóns e medio de euros, un millón cen mil euros que se paga por estes métodos que non son os ordinarios, supón xa, con este poucos datos que ten, un 16% do capítulo II de servizos e gasto corrente.

Di que, polo tanto, lle roga outra vez que poida ter acceso a eses estados de execución e dicir que, por suposto, que espera que os acredores do Concello de Cambre a partir de agora se vaia mellorando esta forma de facer as cousas neste sentido.

Continúa a dicir que polo que se refire ao primeiro recoñecemento de obrigas, o voto do seu grupo será a abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo neste expediente concretamente, son 36.000 euros se non se equivoca, se corresponden a facturas que están conformadas pola intervención e que non teñen ningún reparo por parte da intervención, polo que o voto será a abstención, tendo en conta que non corresponde prexudicar os intereses dos acredores por servizos prestados sen ningún tipo de reparo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo considera que os provedores deben cobrar, e posto que intervención informou favorablemente e o seu voto vai a ser prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leiros, voceiro de Unión por Cambre, quere realizar unha pequena cuestión, volve a explicar o tema e di que estas son facturas que se presentan practicamente todas a finais do ano 2015 e do ano 2016, polo tanto, é imposible que estean pagadas no ano 2015. Soamente quería expresar este matiz.

O señor alcalde manifesta que sen entrar moito en debate quere facerlle unha pregunta a dona Marta Vázquez, cando ela levaba Economía e Facenda na anterior lexislatura non había este tipo de facturas con reparo, expedientes con reparo, era unha pregunta, nada máis, si ou non.

O señor alcalde dille ao señor Rivas que non está no uso da palabra.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que evidentemente. É un sistema legal de recoñecemento de obrigas como pode ser outro calquera. Ela refírese á regularidade e á continuidade co que se está a tratar estes recoñecementos e, sobre todo, se refire ás cantidades que se están a aboar a través de recoñecementos extraoficial de facturas. Repite, que non sabe cal é o problema que hai. Non sabe se está na nova normativa que esixe que os provedores que sexan sociedades presenten as facturas a través de sede electrónica. Non o sabe. Non sabe onde está o problema, porque tampouco o explican. Pero, o que si di, onde hai un problema, onde hai unha práctica que non debe ser a regular, repite, a regular dentro dun concello. Di que si cre que algo está a fallar. Que pode ser cuestión de información a eses provedores. Non o sabe. Ela non é unha técnica para determinar onde pode estar a solución. Pero si que entende que no concello haberá medios para determinar onde está o problema e cales poden ser as solucións. Ao mellor, basta con métodos informativos.

O señor alcalde agradécelle dona Marta M^a Vázquez Golpe a contestación á pregunta que lle fixo se había ou non este tipo de expedientes cando ela unicamente levaba a área de Facenda, Réxime Interior e Axencia de Desenvolvemento Local, cre lembrar, as había exactamente que as hai agora e seguramente as seguirá habendo. Di que se ela non ten máis información é seguramente porque non a pide. Dille que ten as comisións para preguntar non soamente ao goberno senón ao interventor municipal que contestou a todas as preguntas nas comisións informativas respecto de todos estes expedientes de obrigas. Di que hai moitos, claro que hai moitos, precisamente, neste caso hai un, e eles na anterior lexislatura e el ata que dona M^a José, de Ciudadanos, pediu que se desagregaran, se presentaban todos en dous expedientes, un con reparos e outro sen reparos. Por isto, preséntanse moitos neste pleno, porque ao pedir que fosen factura por factura, expediente por expediente, o fixeron así, porque entenden que ten que ser así. Por isto, presentáronse moitos. Que non é o normal. Non. Que nos gusta. Non. Que é así e non nos gusta. Si, é verdade. E así, e non nos gusta que sexa así. Intentarán cambialo o maior posible. Que non conseguirán facelo todo. Neste caso, Gas Natural, o señor interventor

explicou que son a maioría destas facturas por que viñan con este expediente e xa llo explicaron nas comisións informativas, cre lembrar que llo explicaron a todos, se non entendeu, podía pedir aínda máis información ao respecto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, di que entende que o señor alcalde se cabree, e lle pide perdón por empregar esta palabra, polo tema das facturas. O goberno que lle faga unha pregunta á concelleira da oposición porque levou Facenda. Tamén o pode entender. Pero o que non pode entender é que o señor alcalde se enfade agora cando, a el cando foi alcalde, o poñía pingando, e que lle desculpe o pleno a palabra, precisamente por eses expedientes de crédito.

Di que o seu grupo necesita explicacións, como non, pero di que lle parecen moitos. O seu grupo presentou sete, e xa lle di, lle puxeron pingando.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 13/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a factura con numero de entrada 2015/5573 correspondente a unha prestación realizada en exercicios anteriores por importe total de 1.064,80 euros, e o informe de reparos emitido con data 15 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

Visto que a factura que se pretende aprobar, non se aprobou no seu debido momento, por terse presentado a finais de ano e non ser posible conformala e tramitala antes de finalizar o 2015.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

E por tanto, atopándonos ante un gasto realizado que se ten que abonar por terse prestado a subministración, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo

prexudicáranse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 13/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 1.064,80 euros, correspondente á seguinte factura:

NÚM ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/5573	24/12/2015	B15306681	GRUMAR TRADING, S.L.	1.064,80
			TOTAL	1.064,80 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a factura con numero de entrada 2015/5573 correspondente a unha prestación realizada en exercicios anteriores por importe total de 1.064,80 euros, pola empresa Grumar Trading, S.L. e o informe de reparos emitido pola intervención municipal desfavorable motivado en que nos atopamos ante unha subministración de cortinas que non ten como destino dependencias municipais, senón o cuartel da garda civil. O citado inmovible foi cedido gratuitamente ao Ministerio do Interior para o seu uso como cuartel da garda civil en Cambre, xunto co inmobiliario axeitado. Por todo isto, detráese para levantar os reparos.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo, mantendo o criterio que ven sendo habitual no caso que estes expedientes estean fiscalizados con desconformidade, e ademais teñan unha observación de suspensión da execución de gastos ata que se levante o reparo, como di, mantendo o seu criterio, o voto do seu grupo vai a ser a abstención, para non prexudicar o dereito da empresa a percibir o seu pagamento.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que quere puntualizar unha cousa, como ademais resulta que é unha erudita e lle dá leccións segundo a concelleira de Ciudadanos, non foi o seu partido quen solicitou inicialmente que se separaran as facturas, foi Asemblea Cidadá de Cambre, despois Ciudadanos sumouse ao carro para variar.

Dito isto, manifesta que este expediente que nos ocupa por un importe de 1.064 euros ten carácter suspensivo, como explicaba agora mesmo o concelleiro, debido ao inapropiado destino do gasto. As cortinas para o cuartel da garda civil non se corresponden a uso para dependencias municipais, manifestaba o alcalde, que lle corrixa se se equivoca, que foran contratadas durante a lexislatura do Partido Popular, algo que efectivamente aínda que sexa correcto e totalmente certo, a factura hai que aprobala nesta lexislatura e levantarlle un reparo suspensivo nesta corporación que conforman os actuais concelleiros. A situación é, señor alcalde, que moitos dos concelleiros desta corporación non o eran na corporación anterior e tal e como ven dicindo en plenos anteriores, a Asemblea Cidadá de Cambre no vai ser responsable das incompetencias nin dos antigos nin dos actuais membros do equipo de goberno. Hai neste pleno varias facturas con reparos suspensivos e con reparos non suspensivos de Intervención e isto que practicamente se está a converter nun mantra, porque aquí constantemente se está a falar reparos, suspensivos e non suspensivos e realmente, como non é moi consciente ou non cre que realmente nos esteamos dando conta da importancia de levantar un reparo suspensivo de

Intervención. E deste tema xa temos falado, pero o vai lembrar brevemente porque ten consecuencias que poden chegar a ser consecuencias graves. Di que cando o interventor do Concello de Cambre repara o pagamento desta factura é porque está manifestando o seu desacordo, non está de acordo co contido do acto, por isto informa por escrito, hai un informe por escrito, e sinala os preceptos legais que sustentan ese criterio de desacordo. Di que polo feito de que nun momento inicial o interventor repare con xeito suspensivo esta factura, esta factura queda, como ben di o termo, queda suspendida. Que ocorre. Que como ten explicado xa o propio interventor, hai reparos que pode levantar o alcalde e hai reparos que ten que levantar o pleno. Consecuencias de levantar este reparo. Que se pasa por riba do desacordo do interventor, é dicir, que o pleno di que si se pague esa factura. Que ocorre con isto. Se existe nun momento determinado, que non adoitan existir, pero se existen, responsabilidades, ou se se lle esixen responsabilidades a alguén no momento que se pague unha factura reparada polo interventor, a quen se lle van esixir esas responsabilidades é non ao interventor, que acaba de ditaminar a suspensión do pagamento da factura, senón a aqueles concelleiros que levanten o reparo, é dicir, aqueles que levanten a man e digan que si se pague unha factura que non se debe pagar. Problema para o actual goberno que ela tamén entende. Que se encontra cunha factura que ten que pagar e que encargou outro concelleiro e que non debía ter sido así. Entón, Asemblea Cidadá de Cambre di que antes, di que antes de dicilo Asemblea xa o dixo o interventor, isto tampouco o inventou, di que Asemblea opina que antes de enfrontarse a levantar ese reparo de Intervención, se necesita saber que actuacións se fixeron dende o equipo de goberno para poder esixir a quen ten que pagar esa factura que a pague, e non que a paguen os veciños de Cambre en primeira instancia.

Di que neste caso concreto, se foi, e pon nome e apelidos, o señor Felipe Andreu Barallobre quen encargou estas cortinas para o cuartel da garda civil, por que non as paga o señor Felipe Andreu Barallobre, pregunta. Se resulta que esas cortinas as ten que pagar o Ministerio do Interior, non sabe se sería neste caso, se lle reclama ao Ministerio do Interior que pague esta factura, por que a ten que pagar os veciños de Cambre, por que temos que levantar a man e dicir que se pague.

Dende a Asemblea Cidadá de Cambre vota en contra efectivamente do pagamento desta factura, de asumir os veciños e as veciñas de Cambre o pagamento da factura das cortina do cuartel da garda civil sempre que non se demostre que se iniciaron as accións pertinentes para que quen teña que pagar esas facturas as pague. Entón, pediríalle que lle dixeran se se levaron a cabo algún destes trámites, non soamente con esta factura, senón con todas aquelas que teñan carácter suspensivo. Cales son as accións que levaron a cabo. Segue co exemplo, co responsable que no seu momento as encargou á tenda de cortinas ou se falaron tamén co Ministerio do Interior.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que toma a palabra para trasladar ao Pleno e ao conxunto dos veciños a súa posición sobre un tema que considera en aparencia menor, pero en función de como evoluciona a sesión plenaria, reviste certo calado político.

Di que manifesta a súa sorpresa tremebunda, maiúscula, maxestática diante da actitude do Partido Popular. Esta factura está aquí única e exclusivamente pola falta de dilixencia na xestión pública do anterior equipo de goberno do Partido Popular. Inciso milimétrico para referirse á peculiaridade que ten Cambre con esta casa cuartel da garda civil. Un edificio que inicialmente estaba previsto que fora un recinto cultural, nomeadamente unha biblioteca, por arte de birli birloque, acabou cedido gratuitamente ao Instituto Armado, para ser a súa sede nun concello no que naquel momento, xa de maneira clarísima, ía sobordar a barreira dos vinte mil habitantes, que é a cifra de cidadáns que cifra o propio Estado para que opere a policía nacional, neste caso, porque non está a competencia transferida á autonomía, e non a garda civil, que focaliza a súa atención nos municipios rurais. Hoxe, quen nos dera en Cambre ter unha policía, oxalá que fora transferida en cumprimento do estatuto de autonomía como teñen País Vasco, Navarra e Cataluña, e non o Instituto Armado, que, en fin, desenvollen o seu labor da maneira máis dilixente profesional posible, pero non teñen nin os medios nin a formación axeitada para un concello dun carácter eminentemente urbano ou rural urbano como é o de Cambre. En tal caso, sabendo todos, porque é de dominio público, que debe ser a propia garda civil a que ten que facer os labores de mantemento habituais dese recinto, que xa lle foi cedido gratuitamente polo Concello de Cambre, pasando

absolutamente por riba de todo, o Partido Popular no goberno lles paga as cortinas, claro cos cartos de todos os veciños de Cambre. E hoxe, o Partido Popular chega aquí como Pilatos e se lava as mans. El esperaba, e o di con sinceridade, que o Partido Popular tivera a decencia mínima de dicir pois mirens vostedes señores, isto foi efectivamente unha cousa deles, brindan á corporación o seu voto favorable e o resto se quere se poden abster, porque isto vai saír adiante, porque asumen unha xestión. Que el ademais di, e tirando do fío do que dixo a compañeira Olga, que está convencido porque isto non se lle ocorre, e pide perdón pola expresión, nin ao queixo á manteiga, que tivo que ser, en fin, motivación única e exclusiva dun determinado concelleiro, porque se non realmente non se entende. Xa di, cre que sería un xesto moi a avaliar por parte do Partido Popular que votara favorablemente. Como ve que non o vai facer, non con animosidade de fabricar un titular de prensa, pero dende o BNG votarán a prol de levantar o reparo suspensivo a esta factura e que se aboe, non pola garda civil, que lle ten todos os respectos institucionais do mundo por suposto que si, pero escaso cariño, xa di, que deberían abandonar o concello, senón porque hai unha empresa que se chama Grumar que ten a súa sede no polígono de Bergondo a escasos metros do concello de Cambre, porque sabe persoalmente que emprega a varios veciños que son do concello de Cambre e porque entende que fixeron profesionalmente o seu traballo e teñen que pagar porque non teñen nin arte nin parte neste desaguisado. Pero di, de verdade, responsabilicémonos da nosa xestión. Non lle gusta votar favorablemente, dío con sinceridade, a prol desta cuestión e si lle gustaría que o Partido Popular que foi quen orixinou esta factura cando menos si o fixera, porque, de verdade, con todo o cariño do mundo, clama o ceo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que efectivamente ao non ser dependencias municipais este pagamento o tería que facer o Ministerio do Interior. Non obstante, o Concello de Cambre se comprometeu no seu día, polo tanto, o seu grupo se vai abster.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo quere manifestar un pequeno matiz. Efectivamente, hai un reparo suspensivo por parte do interventor, pero tamén é certo que o interventor di que as empresas que traballan no concello teñen que ser aboadas. Todos estamos defendendo aquí, no expediente anterior todos defendemos que as empresas que fan un traballo e se comproba que se fai ese traballo, deben de cobrar. É dicir, as empresas non deben de levar o efecto contradictorio ou suspensivo precisamente a empresa que está levando o efecto suspensivo cando se vota negativamente a pagar e aboar este tema. Se nós estamos producindo efecto sobre a empresa, cre que estamos a facer unha dobre xogada. Primeiro, dicimos que o efecto é suspensivo e logo lle aplicamos o efecto suspensivo á empresa porque non lle pagamos. Di podemos derivar todas as medidas que queiramos sobre os terceiros implicados, pero insiste e cre que a empresa debe de cobrar e despois efectivamente poder realizar calquera tipo acción penal, civil, ou outra acción sobre aqueles que acometeron este tema, pero a empresa, en principio, debe de cobrar porque fixo o traballo e así foi comprobado e verificado.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, por alusións que fai o señor Carballada, e dille que o Partido Popular é un partido serio, imos comezar por aí. Se o Partido Popular dixo na anterior intervención que cando unha factura se fiscaliza con desconformidade e cando hai unha suspensión da execución o Partido Popular se abstén; se abstén, porque non vai dar evidentemente luz verde a esa factura pero tampouco vai preduxicar o interese do acredor. Polo tanto di que o Partido Popular se abstén.

Quere lembrarlle ao señor Carballada e tamén ao resto da corporación como fai escasamente tres ou catro meses, aquí neste pleno se votaron dúas facturas con informe de reparo e efectos suspensivos. Todos, agás o Partido Popular levantaron esa man para votar que si e para dar luz verde a esas facturas. Dille ao señor Carballada que el entón estará de acordo que esa factura a terá que aboar el e todos os demais dos demais partidos que levantaron a man cando se salvaron eses reparos, a pesar das advertencias do Partido Popular, no seu día.

Continúa a dicir que respecto das alusións que fai o señor Carballada en relación coa garda civil, dille que o grupo Popular lle ten moito respecto á garda civil, sobre todo, pola función e o labor que fai con respecto de todos

os cidadáns de Cambre. Sen ir máis lonxe, hoxe, o señor Carballada e os demais grupos asinaron unha declaración institucional contra a violencia de xénero. E dille que sen cre el quen defende aquí en Cambre a esas vítimas da violencia de xénero.

O señor alcalde interrompe a dona Marta M^a Vázquez Golpe e dille que fale da factura. Engade que el realmente tamén esperaba que o Partido Popular sabendo perfectamente que este encargo o fixo directamente o que era concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación don Felipe Andreu Barallobre que votarían a prol desta factura, que encargaron eles estando no goberno.

O señor alcalde continúa e dille a dona M^a Olga Santos que espera que tamén cambien o seu sentido do voto, porque el pediu un informe ao xefe da unidade de Réxime Interior respecto desta factura e nel consta nunha alínea “sempre baixo as indicacións do concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación don Felipe Andreu Barallobre aceptouse unha oferta proposta de subministro de estores de 880 euros máis IVE e un importe total de 1.064,80 euros para o cuartel da garda civil tal como se indicou neste correo electrónico remitido por esta unidade á empresa Grumar Trading de data 28 de xaneiro de 2015, que dicía o seguinte bos días seguindo as directrices do concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación Felipe Andreu me confirman a aceptación da alternativa B para a instalación de estores no cuartel da garda civil de Cambre. Calquera dúbida ou aclaración o poden tratar con nós”. Unha vez que o departamento de Réxime Interior pide directamente por ordes dun concelleiro, pide os estores é o Concello de Cambre quen o está a pedir, non o está pedindo directamente o concelleiro. Di que, polo tanto, pediu este informe para saber en que situación nos podíamos atopar. Cando o informe di que, polo anterior esta unidade de Réxime Interior propón a aprobación do aboamento desta factura polo importe. Por iso o fixo e non é imputable este gasto a un concelleiro, senón que, como dicía ademais don Juan González Leirós, se se constata que se fixo este traballo, se fixo esta venda se ten que pagar.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 14/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a factura con numero de entrada 2016/2012 correspondente a unha prestación realizada en exercicios anteriores por importe total de 1.089,00 euros, e o informe de reparos emitido con data 15 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

Visto que a factura que se pretende aprobar non se aprobou no seu debido momento, por non presentarse no exercicio 2015.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

E por tanto, atopándonos ante un gasto realizado que se ten que abonar por terse realizada a subministración, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 14/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 1.089,00 euros, correspondente á seguinte factura:

NÚM ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/2012	07/06/2016	B70158795	CARPAS FACAL, S.L.	1.089,00
			TOTAL	1.089,00 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a factura con número de entrada 2016/2012 correspondente a unha prestación realizada en exercicios anteriores por importe total de 1.089,00 euros, correspondente a Carpas Facal e o informe con reparos suspensivos emitido con data 15 de novembro de 2016 pola intervención municipal, di que se trata dunha subvención en especie concedida sen acollerse á convocatoria anual de subvencións en réxime de concorrencia destinada a asociacións veciñais sen ánimo de lucro. A proposta é levantar os reparos formulados.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta o mesmo que dicía no expediente anterior. É un expediente fiscalizado con desconformidade con suspensión de execución, polo que, o voto de grupo municipal popular será a abstención.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que é o mesmo que dixo no expediente anterior. Se insisten en facelo, castigarán á empresa.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, efectivamente, se volve ao mesmo. Unha factura que corresponde a xestións anteriores de gobernos anteriores e volve a preguntar que xestións se fan para que paguen as consecuencias quen as ocasiona. Di que está totalmente de acordo co señor Leirós, a empresa ten que cobrar. Totalmente de acordo, o caso é quen lle pague. Por que os veciños de Cambre, cando non son responsables destas facturas. Insiste sempre nisto. Primeiro ten que cobrar a empresa. Si. Pero insiste, quen lle ten que pagar e por que lle teñen que pagar os veciños de Cambre, se non corresponde. A empresa hai que defendela. Pero hai que defender aos veciños. Primeiro cobra a empresa e despois tomamos medidas. Non, non necesariamente. Primeiro podemos tomar as medidas, como dicía o señor alcalde, se pode

solicitar informes, se pode ver se era unha práctica habitual, que parece que si neste caso concretamente que se está a falar das subvencións encubertas que levan moitísimos reparos de Intervención, que medidas se adoptaron respecto deste tema; porque a día de hoxe, efectivamente, a empresa ten que cobrar, pero se está no mesmo debate.

Continúa a dicir que Asemblea Cidadá de Cambre se non, efectivamente, se ve que previa a este levantamento reparo de Intervención existe un esgotamento da vía necesaria para que pague a factura quen lle corresponde non levanta reparos de Intervención, non asume erros nin asume meteduras de pata, ou non de pata, ao mellor, seguramente, xestións con plena consciencia, nin de gobernos actuais nin de gobernos anteriores.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta dende o seu grupo a súa continua perplexidade diante por riba da argumentación que remata da facer a compañeira Marta M^a Vázquez no sentido de que el, de momento, aínda que lle parece moi atinada a liña argumentaria que expuxo ACdC, está a reclamar que pague o responsable disto os cartos do seu peto, que sería dende logo alguén do Partido Popular, neste caso, xusto no verán do cambio de goberno, é dicir, un favor, total e absolutamente discrecional, total e absolutamente pasando por riba de todo, é dicir, unha necesidade cunha urxencia moi relativa. Non vai poñer el en cuestións se os gardas civís lles daba moito o sol ou a necesidade dunha carpa nas festas de Cecebre, que dende logo teñen unha vía directa, clara, nítida, transparente e totalmente democrática de acceder a subvencións para poder realizar as súas festas, como se fai en todas as parroquias e, por suposto, que o merecen. Pero, de verdade, este PP que se nos presenta tantas veces neste pleno municipal como un adañal da caballeridade, como que deu a súa palabra en corenta mil cuestións e como que practica unha xestión pouco menos que inmaculada e impoluta, debería ser dono dos seus actos. Di que a el e o di e interpela claramente o señor Rivas que tantas veces pide a palabra neste pleno facendo unha dobre quenda, un dobre uso dela por parte do Partido Popular, a el sorpréndelle, señor Rivas, o seu silencio neste aspecto, porque llo di con sinceridade, na consideración que dende o Bloque tiñan del, sorpréndelle infinitamente que mire para outro lado diante dun tema así. Vostedes estaban a xestionar o Concello de Cambre. Vostedes apalabrarón e encamiñaron a concreción destes pagamentos. Vostedes deben ser corresponsables, canto menos en que agora estas empresas poidan cobrar e este marrón que temos que asumir o fagamos entre todos. Porque do contrario, están a demostrar que lles vale máis a xenreira por ter perdido o goberno, a non asunción dun resultado electoral, porque ben, efectivamente foron ganadores, valentes victorias, en fin, non as desexa el para el dese calibre, pero realmente nese momento estaban no goberno, e están todas as facilidades postas enriba da mesa para agora colectivamente levantar este reparo e vostedes se lavan as mans. Cre que, de verdade, son do que non hai. Non lle estraña que determinadas cuestións acabaran de determinadas maneiras.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que os erros xa se cometeron e espera que se poñan todos os medios para que este tipo de prácticas non continúen sucedendo e di que o seu grupo se vai abster.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que o señor concelleiro señor Carballada, supón, que haberá pedido todos os informes, os contratos, desta contratación de Carpas Facal que, ao mellor, debía haber pedido el antes de vir a este pleno. Di que as festas de agosto de Cecebre, di que el, a verdade ten que dicilo, non pediu o contrato deste Carpas Facal. Non o pediu, porque tiñas as competencias delegadas co concelleiro de Cultura. Non lle vai votar a culpa a el. A súa responsabilidade é como tal. Supón que o señor Carballada cando lle acusa directamente, as festas de Cecebre, e ademais o fai con xenreira, terá na man o contrato asinado con Carpas Facal. Supón que o terá. Porque estamos a falar das festas de agosto do ano 2015. Con canto tempo se contratan as carpas, señor Carballada. O Partido Popular tomou unha decisión, con todas estas facturas ao principio desta lexislatura, a abstención. E vaino a manter. E vaino a cumprir. Sexa a factura que sexa. E vaino facer por que. Porque sempre o dixi, o que fai o traballo ten que cobrar. El ten unha empresa e gustaríalle cobrar. O que lle estraña que Carpas Facal presente a factura o día 7 do 6 do 2016. Esqueceuse no caixón ou que sucedeu con esa carpa. Non o entende. Di que o seu grupo se vai abster, como

sempre, pero vai solicitar toda a documentación de Carpas Facal, porque esa acusación velada que fai o señor Carballada das festas de Cecebre, faina con burla e iso non llo vai permitir.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que a burla, de verdade, Sr. Rivas, en ningún modo. É público e notorio que o Sr. Rivas é de Cecebre. O que quería remarcar e o di con sinceridade era que en ningún modo é imputable nada a Cecebre, fora Cecebre ou outra parroquia. O quería preservar dalgunha maneira na súa intervención era loxicamente o dereito da comisión de festas de tal o cal parroquia, neste caso a de Cecebre, a facer as súas festas, loxicamente eles miran polo seu, como fan en Meixigo cando fan tamén a súa pequena festa e está total e absolutamente de acordo en que efectivamente o San Salvador é o día 6 de agosto e había xa un novo goberno, pero por información que ten, tamén llo di, esa negociación arrancaba con anterioridade. En tal caso, benvinda sexa a petición exhaustiva de documentación pola súa parte á que el se suma encantado e, de verdade, lle di burla neste sentido, absolutamente ningún. En tal caso, máximo respecto.

O señor alcalde manifesta que a documentación se pode pedir, cre que hai dez, quince días dende que se convocan as comisións. Cre que todos debemos asesorarnos un pouco e solicitar a documentación completa antes de votar. Claro que toman medidas e os concelleiros o saben. Fan as subvencións para que todo sexa subvencionable e non sexa da forma que se viña facendo antes, que se lle daban carpas a uns, a outros non, a un se lle pagaban os fogos, a outros non, non había unha razón de ser nestes temas. No ano 2016, todo subvencionable, todo aquilo que é subvencionable e o poden pedir, o piden mediante subvención, pero dende logo non hai este tipo de subvencións encubertas no ano 2016. Dende logo non aparecerá ningún expediente de recoñecemento de obrigas como é este caso. Esas son as medidas que toman dende o goberno.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 15/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.518,55 euros, e o informe de reparos emitido con data 18 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non encontrarse conformadas no exercicio.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: "Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 15/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 1.518,55 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2015/4718	30/10/2015	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	810,70
F/2015/5134	01/12/2015	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	707,85
			TOTAL	1.518,55 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a relación de facturas que presenta Romersan, 2, S.L., por traballos realizados en xardinería en zonas da unitaria de Cecebre e xardín medianeira do Graxal en novembro de 2015, se presentan con reparos pero sen efectos suspensivos e a proposta é que se aprobe o expediente recoñecendo as obrigas realizadas en exercicios anteriores.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que efectivamente é unha proposta que está fiscalizada de desconformidade sen efectos suspensivos. Hai que aclarar que non ten carácter suspensivo porque efectivamente se trata dunha obriga de trato sucesivo e xa se emitira o correspondente informe no verán do 2015, cre que foi, si, 25 de agosto do 2015, polo tanto, di que mantendo o criterio que os acredores deben de cobrar as súas facturas, o seu grupo se vai abster, de novo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que se a ver nesta lle contestan, porque non lle están contestando a ningunha sobre os procedementos que están a realizar. Respecto das comisións informativas da semana pasada e con respecto deste expediente, preguntou ao señor alcalde, di que é moi pesada con este tema, e cre que máis pesados se van poñer neste 2017. Imos comezar con ganas, a ver se conseguimos contratar en Cambre todo o que hai que contratar e que saia o diñeiro con xeito.

Continúa a dicir que nas comisións informativas da semana pasada, cando preguntaba que estimación tiña de cara a contratar, neste caso estase a falar de mantemento de zonas verdes e xardíns, corríxea se se equivoca, dicían que aproximadamente para febreiro tiñan estimado levar a cabo a contratación destes servizos e pregunta,

non é dende a ironía, senón porque realmente o dubida, e preguntao ao señor interventor, porque ademais estaba nas comisións informativas, non sabe se o lembra, preguntaba polo tema de xardíns e zonas verdes, e dicían que aproximadamente para febreiro tiñan pensado sacar esta contratación adiante. Cando no informe di que se emite informe desfavorable motivado na ausencia de procedemento de contratación, a súa pregunta é en que momento se inicia o procedemento de contratación, quere dicir, se o goberno nos confirma que aproximadamente para febreiro se están facendo os pregos, en que momento Intervención considera que se iniciou o procedemento de contratación.

O señor interventor manifesta que cunha providencia da Alcaldía ou concellería delegada, mesmo neste caso a Xunta de Goberno Local, na que se incoa un expediente para iniciar o expediente de contratación. Hai que incoar un expediente no que se aproban uns pregos de cláusulas administrativas, uns pregos técnicos, no seu caso, se é necesario, un estudo de custos ou un estudo de avaliación do prezo de licitación cando se comezan os procedementos para comezar un procedemento de contratación.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se pode darse o caso de que Intervención non considere iniciado o procedemento de contratación e se estean elaborando os pregos.

O señor interventor manifesta que se poden estar elaborando os pregos polos departamentos técnicos. Pode haber ordes de que se estean elaborando os pregos pero que non conste a iniciación dun expediente. Pode recompilarse información por parte, non iniciando un procedemento formalmente no que se publica no perfil do contratante, se inicia un procedemento, se dá publicidade, etc, etc, pero si poden estar a traballar, tanto o departamento de Obras e Servizos na elaboración dun prego técnico, en Contratación un prego de cláusulas administrativas, recompilando información para iniciar o procedemento de traballo. Pon un exemplo, cando se entende iniciado o procedemento de elaboración dos orzamentos. Evidentemente, no orzamento están a traballar dende o mes de xullo, agosto, fan os seus cálculos pero evidentemente se inicia coa incoación dun expediente, cando se pon todo formalmente, comezan a transcorrer os prazos para informar, presentar solicitudes. Unha cousa é o traballo formal e outra o traballo material.

Dona M^a Olga Santos López agradécelle a aclaración, porque neste caso entón o que hai é unha cuestión de fe, é dicir, e como é atea, no momento en que se incoe ese expediente, no momento que vexa que efectivamente se está a iniciar formalmente o procedemento de contratación, será quen de levantar os reparos de Intervención, mentres tanto, na súa condición de atea e como é unha cuestión de fe que para febreiro, e quen di febreiro pode dicir calquera outra data, evidentemente o seu grupo non vai asumir este reparo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo se vai abster.

O señor alcalde pide desculpas porque aínda hai algúns ou moitos dos contratos en precario que non son capaces de facer, están a facer outros moitos. Ao final do ano entregará un listado de todos aqueles contratos que foron capaces de facer e aqueles que quedan en precario aínda para que saiban todos como está o concello. Repite que pide desculpas por non ser capaces de facer máis dos que realmente tiñan pensado. Atopáronse cun concello onde non están nin os pregos de condicións feitos de moitos dos contratos e, polo tanto, isto leva un montón de traballo para pouca xente que hai, que se dedica tamén a outros traballos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex,

dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 16/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 190,10 euros, e o informe de reparos emitido con data 18 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 16/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 190,10 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/255	25/01/2016	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	95,05
F/2016/257	25/01/2016	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	95,05
			TOTAL	190,10 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a empresa Emprego Social, S.L. pola limpeza dos testos do centro de saúde de Cambre, informada con reparos sen efectos suspensivos que veñen sendo facturas de trato sucesivo polo que, se pide ao pleno adoptar o acordo de aprobar o expediente de recoñecemento das obrigas dos exercicios anteriores.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo se vai abster, polos mesmos argumentos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que non se quere estender pero si facer unha matización. É igual, o ateo ten dereito tamén a preguntar e debe preguntar para estar informado. O de febreiro non o dixo o señor alcalde, díxoo el. Dixo febreiro porque sabe cal é a evolución dos expedientes. O expediente antes de realizalo o hai que preparar, se se quere que un expediente estea ben. Ás veces as contratacións previstas en exercicios anteriores non son suficientemente boas e as hai que matizar. Incluír unha roza nun contrato de xardinería non lle parece axeitado. Os técnicos necesitan ese tempo para avalialo, buscan información noutros lados, tantéanna, deriváanna, pasáanna polo filtro xurídico que tamén ten a súa avalación. Polo tanto, leva un tempo e os procesos, aparte disto, hai que facer o diario dos técnicos municipais, e os contratos, polo tanto, non se poden facer todos dunha vez. O que está claro é que os contratos, cando queiran, e así o dixo o alcalde varias veces, se informan oportunamente cando están avanzando. O alcalde puxo unha data e el cre que esa data é axustada. Quería facer este matiz.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

O señor alcalde chegado este punto pide desculpas e manifesta que vai abandonar o pleno dado que se sente indisposto e solicita a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez que asuma a presidencia, sendo as vinte e unha horas e vinte e tres minutos.

2.7. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 17/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 3.172,62 euros, e o informe de reparos emitido con data 18 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: "Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 17/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 3.172,62 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/892	02/03/2016	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	2.330,46
F/2016/894	02/03/2016	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	842,16
			TOTAL	3.172,62 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que vista a relación de facturas correspondentes ao mantemento de extintores pola empresa Segma, S.C. por un importe de 3.172,62 euros, informada con reparos sen efectos suspensivos e se propón aprobar ao expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo se vai abster, polos mesmos argumentos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, volve a preguntar. Neste caso que se fala dos extintores, a pregunta que se fai é, nas comisións informativas fora o señor Leirós cre o que dixera que este contrato xa estaba avanzado, ela normalmente apunta literalmente as palabras, que faltaba un informe de secretaría, cre que foi o que se lle contestou. Entende que neste caso está incoado o expediente.

O señor interventor manifesta que a el persoalmente non lle consta que estea incoado o expediente. Di que polo que sabe, faltaba se se inclúa algunha dependencia ou non para iniciar o procedemento.

A secretaria xeral intervéñe e manifesta que está en contratación, de feito, a técnica de contratación entregoulle o informe hoxe e o único que hai que facer é supervisalo.

O señor interventor manifesta que non era consciente de que se entregara hoxe en secretaría.

A secretaria xeral manifesta que está o informe preparado pola técnica de contratación, agora teno que supervisar.

O señor interventor sinala que hai un matiz máis importante. A importancia serían as facturas que entraran a partir de agora. Esa factura cando estaba contratada non existía ningún procedemento de contratación. Non quere dicir que todo o que estivera contratado antes, non se ía reparar. Repararíase ata o momento en que é consciente dese inicio da contratación, é dicir, das facturas que entren dende novembro, decembro. No ano 2015 non había incoado nada, co que, evidentemente, por iso se emite o reparo.

Dona Maria Olga Santos López manifesta que segue sendo entón unha cuestión de fe.

O interventor manifesta que é unha cuestión máis de Sigem non de fe, neste caso. Explícase. Líña temporal trato sucesivo, no momento que un contrato entra en precario todas as facturas que chegan mes a mes dese contrato son obxecto de reparo suspensivo por non cumprir co procedemento legal de contratación. Cando se inicia o procedemento legal de contratación, cando se incoa un expediente en Intervención, sabe que se incoou estes días, no lle chegou aínda a través de Sigem. Todas as facturas que chegaron dende outubro, novembro, decembro, no momento que se incoou o expediente, entende que hai un procedemento para solucionar. Está o contrato en precario pero en proceso de regularización. Todo o que ven detrás, se entra unha factura de xullo, aínda que agora mesmo estea contratada, esa factura de xullo non estaba en ningún procedemento de contratación incoado en xullo, é dicir, senón aguantaría todas as facturas cando comezaran e as soltarían todas dunha vez, se salvaría o reparo de intervención. Di que non sabe se se está explicando con corrección agora mesmo.

Dona M^a Olga Santos López di que para o pleno que ven presenta unha factura de extintores Segma, non para o pleno que ven, antes de que remate o proceso de contratación pero que xa ten coñecemento que está incoado o expediente, que acabao de dicilo a secretaria, as facturas que veñan do mes de xaneiro por exemplo, se aínda non está finalizado o proceso de contratación non estarán con reparos de intervención.

O interventor manifesta que as facturas de xaneiro de 2017 non terán reparos de intervención porque xa se iniciou o procedemento, xa cunha observación por parte de Intervención que malia que este contrato está en precario é consciente que se iniciou un procedemento de contratación. Evidentemente, ese contrato non vai quedar sen facer. Solucionouse o reparo. A importancia do reparo, o que di o artigo 217 do texto refundido é que o reparo é unha discrepancia. Se o órgano o que somete ao reparo o solucionou, se entende que o reparo xa non ten sentido, é dicir, el lle está dicindo ao órgano responsable da contratación vostede está nunha suposta irregularidade, soluciónea. Se soluciona a irregularidade, acudindo ao procedemento de contratación xa non ten lugar ese reparo, se faría esa observación de que está en procedemento de contratación, que se está a licitar nos prazos legalmente previstos. Se se presenta unha factura de xaneiro de 2017, non se repararía. Se se presenta unha factura de xullo de 2016, si. Non estaría con efectos suspensivos pero sería informada desfavorablemente. O reparo solucionouse pero estará desfavorable. É desfavorable porque nese momento é desfavorable pero non necesita solucionar ese reparo, porque xa está solucionado, desfavorable sen efectos suspensivos.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que lle xurdían dúbidas polo carácter de inmediatez que se lles comunicara nas comisións informativas e di que cando o señor interventor non repare, o seu grupo non reparará tampouco.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que soamente quería dicir que o carácter de inmediatez que se comunicou nas comisións, non vai entrar en polémicas senón remataríamos o pleno ás doce da noite, era sinxelamente unha información, están a preparar os pregos de condicións e nunha temporalidade breve imos sacar tres ou catro pregos, isto era o que se quería dicir. Outra cuestión é a cuestión que se falaba antes de cando é o comezo exacto, efectivo e legal dun procedemento deste tipo. Parece ser que o interventor formula que ese momento é no que a Xunta de Goberno Local decide iniciar o expediente. Sería previamente cando hai os actos previos de preparación dos informes dos técnicos, di que non o sabe, el establece a data nese límite. Hai unha parte anterior, que é a preparación de todo o procedemento para que despois os técnicos informen sobre iso, é dicir, este é o proceso, un proceso longo, tedioso, pero a Administración é así, ten a seguridade xurídica, pero ten tamén a deficiencia de que unha máquina moi difícil de mover. Di que non é unha desculpa, simplemente, unha explicación. Expón os mesmos argumentos que explicou antes con respecto dos reparos.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 18/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.289,86 euros, e o informe de reparos emitido con data 18 de novembro de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que a factura que se pretende aprobar non se aprobou no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 18/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 1.289,86 euros, correspondente á seguinte factura:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/1309	19/04/2016	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	1.289,86
			TOTAL	1.289,86 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de novembro de 2016.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que son facturas procedentes da subministración de combustible ao centro de formación e xerador do campo de fútbol da Barcala á empresa Bugallo por un importe de 1.289,86 euros. Teñen reparos sen carácter suspensivo. Por todo isto, propón ao Pleno que se aprobe o expediente número 18/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.9. Modificación, se procede, da composición da Mesa Local de Comercio do Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“A Mesa Local de Comercio do Concello de Cambre, foi creada por acordo plenario adoptado o 25 de marzo de 2011, en cumprimento do artigo 21 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, e reuniuse por primeira vez para a súa constitución, o 25 de maio de 2011, sendo a súa composición:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, alcalde do Concello de Cambre.
- Secretaria: Dona Verónica María Otero López, técnica de xestión de administración xeral.

- Vogais:

1. Don José Antonio Baamonde López, presidente da Asociación “Empresarios e Empresarias de Cambre”, en representación dela.
2. Dona Erundina Prado Arcay, presidenta da Asociación “Amas de casa, Consumidores e Usuarios” de Sigrás, en representación dela.
3. Dona Guadalupe Armada Vázquez, presidenta da Asociación “Amas de casa e consumidores “Rosalía de Castro” de Cambre”, en representación dela.
4. Dona María Ángeles Míguez Mouzo, concelleira delegada da área de Promoción Económica e Emprego.
5. Dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, en representación do Concello.
6. Dona Sonia Machín Herranz, axente de desenvolvemento local, en representación do Concello.
7. Dona Tristana Moraleja Gómez, Xefa Territorial do Concello de Cambre, en representación da administración autonómica.

Nas últimas xuntanzas da Mesa, os representantes da Xunta de Galicia, fixeron constar as deficiencias na composición da mesa pois, segundo indicaron, non se axusta ao establecido no Decreto 183/2011, do 15 de setembro; polo que se regulan as mesas locais de comercio, publicado no DOG núm. 188 de 30 de setembro de 2011: “1. *As mesas locais do comercio nos concellos que contén cun número mínimo de vinte comercios detallistas ou con asociacións de comerciantes, estarán compostas por:* a) *O/a presidente/a, ou a persoa en quen delegue, de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes.* b) *Unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas consumidoras.* c) *O número de representantes da Administración local que sexa necesario para igualar a representación municipal coa das asociacións de persoas comerciantes e consumidoras, entre os cales figurará o/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue, que exercerá as funcións da presidencia das mesas locais do comercio.* d) *Unha persoa representante da Administración autonómica, que será designada con carácter voluntario pola consellería competente en materia de comercio.* e) *Secretaría: actuará como secretario/a a persoa designada para o efecto polo concello, con voz pero sen voto.*”

Ao existir en Cambre só unha Asociación de Empresarios constituída, rexistrada e en funcionamento, só poderá emitir o seu voto na mesa, unha asociación de consumidores.

Neste momento, a Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de Sigrás, é a única asociación de Cambre que figura inscrita na Asociación Provincial de Consumidores e Usuarios, polo que é esta asociación a que deberá actuar como membro da mesa, mentres non se constitúan ou inscriban outras asociacións como representantes dos consumidores. Neste caso, as asociacións rotarían como membros con voto da mesa.

Por outra parte, o número de representantes da Administración, Concello de Cambre, na Mesa de Comercio, con dereito a voto, será o necesario para igualar a representación municipal coa das asociacións de persoas comerciantes e consumidoras; é dicir: dous membros.

Tendo en conta que, segundo o informe emitido con data de 18 de novembro de 2016 pola axente de desemprego local, coa conformidade de responsable da ADL, a composición actual da Mesa Local de Comercio non se axusta á normativa existente, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Modificar a composición da Mesa Local de Comercio do Concello de Cambre, que quedaría integrada tal e como se relaciona a continuación:

En representación do Concello:

- Presidente: O alcalde ou concelleira/o en quen delegue.
- Vogal: O/A concelleiro/a delegado/a ao que se lle encomenden as competencias en materia de feiras, mercados, comercio e relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

En representación da asociación de comerciantes:

- Vogal: o presidente da Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre, ou persoa en quen delegue. En caso de constitución doutra asociación de comerciantes, rotaríanse no dereito de voto na Mesa.

En representación da asociación de consumidores:

- Vogal: a representante da Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de Sigrás, ou persoa en quen delegue.
En caso de constitución doutra asociación de consumidores, rotaríanse no dereito de voto na Mesa.

En representación da Administración Autonómica:

- Vogal: persoa designada con carácter voluntario pola consellería competente en materia de comercio.

Actuará como secretaria da Mesa, con voz pero sen voto, a técnica de promoción económica: dona Carmen Pita Seijas e, como suplente, dona Beatriz Castro Pico.

Segundo: Notificar o presente acordo a todos os integrantes da mesa.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de novembro de 2016.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por dezoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.10. Proposta de ratificación da Declaración de María Pita, en relación coa constitución da Área metropolitana da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía do día 21 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 20 de outubro de 2016, os alcaldes e alcaldesa dos Concellos da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, subscribiron a denominada “Declaración de María Pita” que literalmente se transcribe a continuación:

“Reunidos no pazo municipal da Coruña, o día 20 de outubro de 2016, os alcaldes e a alcaldesa que subscribimos o presente documento:

DECLARAMOS

As xuntanzas dos alcaldes e a alcaldesa da área metropolitana da Coruña, celebradas en xaneiro, marzo e abril de 2016 para impulsar os traballos para a construción dunha estratexia que afronte os retos máis relevantes da Coruña metropolitana, sobre a base da articulación de políticas públicas, presenta un significado especialmente singular polo que ten de xiro copernicano na orientación da resolución dos problemas que se nos presentan na contorna. Nestas reunións acordouse, en primeiro lugar, establecer os ámbitos de cooperación e complementariedade entre a estratexia de desenvolvemento urbano da cidade da Coruña e as desenvolvidas polo Consorcio ou a Mancomunidade de concellos da área metropolitana. En segundo lugar, acadouse un amplo consenso en relación á recuperación ambiental e da biodiversidade das rías e as súas contornas litorais. En terceiro lugar, impulsouse a coordinación das actuacións en políticas de desenvolvemento territorial, en especial aquelas que teñen que ver co planeamento urbanístico e cos servizos de transporte e mobilidade. En cuarto lugar, apostouse por proporcionar un enfoque metropolitano á xestión dos servizos públicos, formulándose unha proposta de obxectivos de acción mancomunada sobre a avaliación, a análise e, no seu caso, a adopción de medidas coordinadas a nivel de área

metropolitana en relación con servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e á xestión e o tratamento dos residuos urbanos.

Neste contexto, a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa impulsou un proceso de aproximación á cuestión da gobernanza metropolitana pola vía de xerar conxuntamente diagnósticos, iniciativas de planificación, xestión de servizos e accións de carácter supramunicipal e de rango metropolitano. Estamos así perante unha vía de construción da área metropolitana a partir da construción real de estratexias, clima, consensos e accións de carácter metropolitano, conxuntas e compartidas e baseadas na articulación das políticas públicas municipais.

Temos, pois, unha estratexia compartida e un obxectivo común: poñer o foco na xestión democrática das interdependencias na construción da área metropolitana, xestión cimentada no liderado representativo e participativo, na diplomacia urbana, no acompañamento dunha cidadanía activa e comprometida, na cooperación e na colaboración entre actores e axentes sociais e na cohesión arredor dun proxecto de futuro. É a maneira máis sensata de afrontar a crise na que estamos inmersos e lograr a reactivación da área metropolitana sobre obxectivos como:

- *Mellorar a calidade de vida da cidadanía traballando para facer da Coruña metropolitana un lugar onde vivir, traballar e gozar dun lecer responsable.*
- *Promover o desenvolvemento dunha área urbana sostible, verde e azul, que faga un uso eficaz dos recursos, a través da xestión eficiente, do coñecemento do territorio e do funcionamento dos servizos urbanos.*
- *Construír unha economía local competitiva, equilibrada e redistributiva, favorecendo o desenvolvemento dun sector tecnolóxico innovador e apoiando a incorporación do resto dos sectores á nova economía dixital.*
- *Establecer a base tecnolóxica para poder avanzar, transformar e competir, garantindo o seu impacto, a súa sustentabilidade e a súa evolución futura cunha visión integradora, interoperable e aberta.*

No esforzo compartido de elaborar unha estratexia integrada, con obxectivos e liñas de actuación claras, os alcaldes e a alcaldesa da área metropolitana da Coruña consideramos prioritarias algunhas orientacións xerais:

- *Ordenación e xestión urbanística coordinada e especializada na procura dun equilibrio territorial das actividades urbanas: usos residenciais e produtivos, dotacións e espazos libres e zonas verdes. Desenvolver, por tanto, estratexias de complementariedade e de descentralización da ocupación do territorio.*
- *Fortalecemento da vertebración, a accesibilidade e a conectividade interior e exterior da cidade e da súa contorna funcional metropolitana.*
- *Desenvolvemento dun plan estratéxico de potenciación do porto exterior e do aeroporto, como sistemas coordinados de infraestruturas.*
- *Promover unha maior integración entre os municipios que conforman a área metropolitana.*
- *Coordinar a planificación urbanística e das infraestruturas de todos os municipios que conforman a área metropolitana da Coruña.*
- *Crear instrumentos específicos e flexibles para a xestión conxunta de servizos que afecten ao conxunto dos municipios e garantir a prestación de servizos públicos de calidade, accesibles e equitativos.*
- *Planificación e xestión da mobilidade metropolitana apostando polos medios de transporte público como forma de superación da conxestión actual no conxunto do sistema viario metropolitano e nos accesos á cidade da Coruña en particular, como elemento superador das evidentes incapacidades do sistema á hora de permitir a permeabilidade na comunicación en malla.*

- Favorecer un espazo social único, capaz de aunar a diversidade e a identidade das xentes que viven na área metropolitana. Incrementar as relacións sociais e a creación de tecido social e comunitario na área metropolitana. Potenciar a participación cidadá e conformar un proceso de transformación das nosas administracións públicas en administracións de proximidade.

A diagnose, así como a estratexia e os obxectivos comúns, demandan tamén a súa concreción a nivel xurídico mediante a aprobación dunha Lei da Área Metropolitana da Coruña. Unha lei que defina a estrutura da área, a súa arquitectura institucional, de composición e funcionamento, así como do seu réxime competencial. Isto é, unha lei que determine os órganos de goberno e administración, o réxime económico e operativo, os servizos que debe prestar e as obras que debe realizar a área metropolitana, así como as potestades que se lle atribúan e a xusta distribución de cargas entre os concellos que a integran. Unha lei que asegure tamén a necesaria coordinación e cooperación coa Xunta de Galicia, incluída a garantía dun financiamento xusto e suficiente.

De conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, determina a Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, a natureza e o réxime xurídico das áreas metropolitanas, así como o relativo á súa creación, prevíndose no seu artigo 122.1 a iniciativa dos concellos interesados para a súa creación e, en consecuencia, para a súa posterior formulación e tramitación parlamentaria.

Por todo o exposto, os alcaldes e a alcaldesa subscribimos a presente declaración institucional, coa que propoñemos e coa que nos comprometemos a dar comezo decontado e a impulsar o proceso de conformación da Área Metropolitana da Coruña, para o que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego representado nos seus Grupos Parlamentarios a, unha vez designado aquel e constituídos estes respectivamente, iniciar de forma inmediata a formulación e posterior tramitación dun proxecto de Lei da Área Metropolitana da Coruña, previamente consensuado cos concellos respectivos e presidido polos principios do diálogo e a cooperación institucional, así como o de participación pública da cidadanía.

Unha vez ratificada polos Plenos dos concellos respectivos de conformidade co artigo 122 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, esta declaración institucional será trasladada ao goberno da Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios aos efectos de incoación e tramitación da iniciativa lexislativa.

En sinal de conformidade, asinamos na Coruña, o 20 de outubro de 2016.

O alcalde da Coruña
Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

A alcaldesa de Bergondo
Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Betanzos
Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Cambre
Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo
Asdo.: Julio Sacristán de Diego

O alcalde de Oleiros
Asdo.: Ángel García Seoane

O alcalde de Sada
Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández"

Visto o informe emitido pola secretaria xeral con data 21 de novembro do ano en curso.

Visto canto antecede, propoño ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar e prestar conformidade á Declaración de María Pita asinada polo alcalde en data 20 de outubro de 2016 e, en consecuencia, manifestar o apoio e respaldo do Pleno municipal de Cambre á constitución da Área Metropolitana da Coruña.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Alcaldía e Pleno municipal do Concello da Coruña, instando a este á adopción do acordo plenario ao que se refire o art. 122.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na consideración de que corresponde ao dito Concello da Coruña dar comezo formal ao procedemento de constitución da Área Metropolitana.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos Plenos municipais dos Concellos asinantes para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Cuarto: Tal e como se fai constar na propia Declaración, dar traslado do presente acordo ao Goberno da Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios para os efectos de incoación e tramitación da iniciativa lexislativa.»

Foi ditaminada favorablemente na sesión conxunta das Comisións Informativas Permanentes de data 23 de novembro de 2016, cos seguintes votos a prol:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación: votan a prol os dous concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, titulares), a concelleira presente do PSdeG-PSOE (dona Josefa Vázquez Soto, titular), a concelleira de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, titular) e o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular). Abstéñense os dous concelleiros do PP (don Juan M^a Abalo Castex e dona Marta M^a Vázquez Golpe, titulares), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

- Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico: votan a prol os dous concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño e don Juan González Leirós, titulares), o concelleiro presente do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, titular), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular). Abstéñense os dous concelleiros do PP (dona Rocío Vila Díaz e don Manuel Rivas Caridad, titulares), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

- Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social: votan a prol os dous concelleiros de UxC (dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso, titulares), os dous concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Josefa Vázquez Soto, suplente, e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, titular), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez, titular). Abstéñense os dous concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel e don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, titulares), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, pedírla, dado que o alcalde de Cambre tivo que marchar por motivos de saúde, que se retirara este punto da orde do día porque el con sinceridade, e ademais o señor alcalde foi o que asinou esa declaración de Maria Pita, non entende nada. Entende e está de acordo en crear a área metropolitana. Di que os acordos que se adoptan aquí non coinciden cos que se presentaron ao pleno da Coruña. Ademais necesita unha maioría para ser aprobado e se aprobou en maioría simple, o grupo do PSOE votou a prol o voceiro e o resto dos concelleiros se abstiveron. Di que ten o pleno da corporación do Concello da Coruña e se acordou ratificar a declaración institucional do 20 de outubro de 2016 denominada "declaración de Maria Pita" con carácter meramente político e segundo esta declaración non produce os efectos de iniciación formal do procedemento para a creación da área á que se refire o artigo 122 da Lei 5/1997 que se recollen no último parágrafo. Polo tanto, el solicitaría, o alcalde lles poderá informar máis pormenorizadamente, que este punto quedara sobre a mesa para o vindeiro pleno.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo, como non podía ser doutro xeito, está a prol desta declaración, lle parece un primeiro paso imprescindible e necesario e que xa ven con moita tardanza. Por fin, conséguese cando menos dar este primeiro paso. O seu grupo vai apoiar a proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dille ao señor alcalde en funcións que con todas as da lei preside a sesión e manifesta que o seu grupo non ve ningún motivo para retirar o punto da orde do día, toda vez que considera que se garanten a totalidade de garantías para presentar este punto ao pleno. As precisións políticas que fixo o señor voceiro do Partido Popular que sustentan a súa petición de retirada deste punto da orde do día, ao seu modo de ver, puideron ser formuladas con anterioridade, ben na xunta de voceiros, anterior a este pleno, ou nas comisións municipais que antecederon en sete días á celebración desta sesión plenaria, toda vez que a declaración de Maria Pita é do día 20 de outubro e que xa hai varios días que se levou este asunto ao pleno municipal do Concello da Coruña. Di que se busca, polo tanto, sirva un pouco a expresión un efecto efectista, poñendo en dúbida a última hora esta cuestión. Respecta profundamente esa posición o que se agocha aquí é unha postura manorentro do Partido Popular onde están a medir moi ben os tempos e o que di, xa di no exercicio total e absoluto da súa liberdade política, respecto da área metropolitana porque non quere quedar do que realmente pensa e mandaba o anterior presidente da Deputación da Coruña señor Diego Calvo que poñer todos os paos nas rodas habidos e por haber dun proceso que dende o Bloque Nacionalista Galego celebran e felicitan os seus impulsores, alcaldes todos eles de diversas forzas políticas tamén nun primeiro momento do Partido Popular e que considera que se vai con moitas décadas de atraso nunha cuestión que para o seu grupo é fundamental e non quere que Cambre sexa noticia por engadirlle se quer unhas semanas máis de atraso a este asunto, toda vez que o substancial que se acorda aquí é poñer en marcha levar adiante este proxecto e o que si vota en falta e que se isto no fondo o que aspira é a crear unha área metropolitana un novo ente administrativo supramunicipal que os organice mellor, que xestione mellor os recursos públicos, que planifique mellor as políticas que dalgunha maneira tenten solucionar os problemas da cidadanía, todo isto non se faga dende un goberno autonómico que ten o mandato estatutario, volve o estatuto de autonomía que o Bloque Nacionalista Galego, por certo, votou en contra, a administración autonómica ten a potestade ten o deber de organizar territorialmente o ámbito da comunidade autónoma. Leva o señor Feijoo gobernando con maiorías absolutas dende o ano 2009 e non tiveron ningún tipo de interese en formular sequera unha iniciativa para camiñar neste sentido e no mandato municipal anterior gobernando a Coruña, gobernando Cambre, gobernando Arteixo, gobernando Abegondo, gobernando Sada, gobernando Carral, gobernando un sen fin de concellos tampouco tiveron esa iniciativa.

Continúa a dicir que hoxe se presenta aquí unha iniciativa mellorable en determinados aspectos. Di que o seu grupo a celebra, a saúda e vai votar favorablemente e considera que Cambre non debe perder en ningún modo este tren, nunca mellor dito, porque unhas cuestións que terá que tratar a futura área metropolitana e que debemos estar aí dende o minuto cero defendendo os intereses dos nosos veciños en algo que é indubidablemente o futuro.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo defende con ansia a creación desta lei de área metropolitana. De feito, é algo tan novo que soamente ao habelo en Vigo e Barcelona, haberá que traballalo moito. Quería reiterar e xa o dixo é que o seu grupo xa preguntou no seu momento se na tramitación deste proxecto de lei ían ter todos os partidos que teñen concelleiros nos concellos que o integran, se terían representación. O señor alcalde señor Patiño dixo que si. O seu grupo cre na súa palabra. Non encontra aquí ningún punto onde o diga, pero cre na súa palabra e soamente quería facer constar que ese punto lle gustaría que figurara. En canto ao resto, dende o seu grupo toda a vontade, todo o traballo e todo o apoio. O seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que, sen estenderse moito tampouco dado que se está a alongar o pleno, quere deixar unhas pinceladas sobre as cuestións nas que se teñen dúbidas, que el tamén ten algunhas. Di que realmente isto é o paso final de máis quince anos de intencionalidade e de necesidade de que os concellos que comprenden a área metropolitana do bordo da ría e Coruña e algún máis comece a buscar puntos de nexos e conexións, porque os problemas que temos son comúns e, polo tanto, a eses problemas temos que darlles respostas comúns, sobre todo, por unha cuestión, que hoxe se fala moito e é unha cuestión xa non soamente de ordenación territorial, senón ao final é unha cuestión

económica, simple e sinxelamente, de creación de emprego, de xeración de actividade, de mobilidade, de salubridade. Pon un exemplo moi fácil, que o imos entender todos, temos unha canalización que está a dar problemas constantemente en Bartolomé das Casas. Todos os anos temos os mesmos problemas co polígono do Espírito Santo. A pesar do que todo o mundo se cre, que os problemas proceden do Espírito Santo, parte dos problemas proceden de Sada, coa constitución do nó que se fixo en Sada, que parte das augas pluviais as incluíron na canalización. Di que nos fixemos no que estamos a falar, que dende Sada se acaba producindo o problema na ría do Burgo cos vertidos. Iso non o pode acoutar un concello. Este é un exemplo para situarnos onde estamos.

Continúa a dicir que eses problemas non se poden alongar no tempo. Hai que acoutalos, tratalos. É certo o que se di por parte do Bloque, que isto tería que habelo acometido a Xunta. Non o acometeu, tampouco imos poñer problemas. O problema é que hai unha iniciativa por parte duns concellos, máis que concellos, diría por parte duns colectivos civís que impulsaron este tipo de actividades que levan anos loitando neste tema, e que se levan anos, el, entre eles, como civil non como político, requirindo que hai que conformar unha área metropolitana. Di que a área metropolitana non comezou como o tema dunha lei de área metropolitana. Comezou dende unhas mesas territoriais, e aí contesta á concelleira, que se fixeron e se comezaron a xuntar técnicos e políticos e a discutir sen máis, para ver o que pasaba, a poñer cuestións enriba da mesa, que pasaba co medio ambiente, coa rede de sumidoiros, cos saneamentos e de aí comezou a brotar algo que parecía que, en principio, non ía brotar, pero que comezou a sosterse. Como ninguén poñía diñeiro, A Coruña con boa intención e agradécello ao señor alcalde que dixo que ía poñer diñeiro, que ía apostar por isto porque que creía a pesar de que politicamente lle podía resultar negativo é igual, ten que ir adiante. Algúns concellos apostaron por eles, vai deixar caer unha idea pero di que por favor que tampouco llo tamén a mal, el cre que se a Xunta de Galicia no seu primeiro momento sobre todo os entes locais ou provinciais ou relacionados coa Deputación se sentiron un pouco feridos desta produción e de que os ámbitos dos concellos comezaran a unirse e fusionarse, el cre que Santiago a cabeza visible neste caso Feijoo non se asustou porque sabía perfectamente que isto é así que vai ser un ano ou outro e cre que o reconduciu e que o vai reconducir perfectamente e que irá adiante.

Di que non se perda a oportunidade, isto é unha declaración de intencións pero é de vital importancia trasladar aos grupos políticos e á cidadanía que están dispostos a entenderse no tema da área metropolitana e iso é o que están a votar hoxe e se son capaces de trasladalo á cidadanía, haberá tempo para mellorar cousas, para a participación. Por parte de UxC, que lembra que é un partido localista, porque son localistas, son de Cambre, pero a súa visión non quere ser local, senón que quere ser global porque saben que necesitan do mundo exterior para poder convivir e para poder vivir, dende logo, impulsarán isto ata onde poidan e ata onde os leven. Polo tanto, o voto do seu grupo, non poder ser doutro xeito, será a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que como sempre ten que intervir para dicirlle ao señor Carballada que non sabe porque o mete a el neste saco. Se non o queren retirar da orde do día, non o retiren. El simplemente dixo que o que se está votando aquí hoxe non son os mesmos acordos que se votaron no pleno da Coruña. Non son os mesmos acordos, simplemente o dixo. O señor Carballada di que o puido ter exposto hai quince días. Pois non. Porque o pleno da Coruña tivo lugar a semana pasada e el recibiu a documentación o día 25. Que quere que lle diga. Vostedes voten, o seu grupo vai abster e di que non están en contra da creación da área metropolitana, simplemente está a dicir que el ten os acordos en xunta de voceiros, que se presentaron ao pleno municipal do Concello da Coruña e non coinciden cos acordos que se van aprobar hoxe. Simplemente dixo isto.

Don Juan González Leirós di que cre que calquera deles pode buscar calquera desculpa que se poida intentar. A cuestión é o que se quere votar ou o que se pensa votar e xa está e non hai que darlle máis voltas. Queremos impulsar a área metropolitana, esa é a pregunta que se fai no documento. Iso é o que está votando o Concello de Cambre. O que quere entender outra cuestión, por suposto, que está no seu dereito e ten toda a potestade de poder facelo pero, realmente o que se está a votar é iso se quere ou non quere o Concello de Cambre integrar e impulsar a área metropolitana, di que iso é o que se vai votar.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está a prol da declaración de Maria Pita.

A seguir o alcalde en funcións manifesta que vai ler o artigo 109 do Regulamento orgánico municipal en referencia á solicitude do Partido Popular de aprazar a declaración de Maria Pita, que di que calquera concelleiro poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para o efecto de que se lle incorporen documentos ou informes, e tamén que o expediente quede encol da mesa aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ámbos os dous casos, a petición será votada logo de rematar o debate e antes de votar sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a prol do pedimento, non haberá lugar a votar a proposta do acordo.

Di que, en primeiro lugar, se vai votar o aprazamento da declaración de Maria Pita.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que primeiro quere contestarlle ao señor Leirós e dille que el non pon desculpas nin subterfuxios, simplemente dá constancia dun feito, os acordos. Os acordos que leu a señor secretaria non son os mesmos acordos que se leron no pleno do Concello da Coruña. Simplemente fai constancia dun feito. Di que como o que ten máis información deste tema é o alcalde de Cambre, por iso pide que se deixe este punto enriba da mesa, que é cousa de quince días. Se non queren, o seu grupo non participará e se absterá na votación. O que lle estraña é que no pleno do Concello da Coruña o partido socialista do que son membros eles, o seu voceiro votara a prol e o resto de todos os membros se absterá. É incomprendible.

Don Juan González Leirós manifesta que se lles parece que non se lle dea máis voltas.

Sometido o aprazamento da declaración de Maria Pita a votación, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, cúmplase coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida no artigo 122.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e no artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.11. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

Cando son as vinte e dúas horas e dous minutos, auséntase da sesión dona M^a Olga Santos López, de ACdC-SON.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional presentada polos grupos municipais que compoñen a Corporación e polo concelleiro non adscrito. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración presentada.

Declaración institucional en relación co “Día internacional da eliminación da violencia contra a muller”

Consta do seguinte teor literal:

«Vista a declaración remitida ao Concello de Cambre pola FEMP, que literalmente se transcribe a continuación:

“A Federación Española de Municipios e Provincias súmase, un ano máis, xunto aos estados, as rexións e entidades locais de todo o mundo, á conmemoración do día 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, coa finalidade de manifestar o máis enérxico rexeitamento ante calquera tipo de violencia de xénero, e, así mesmo, renovar o seu compromiso de colaborar e impulsar accións que teñan como fin a erradicación da grande eiva social que supón a violencia contra as mulleres e as nenas.

Este tipo de violencia é unha das vulneracións máis graves dos dereitos e liberdades. Nunha sociedade legalmente igualitaria, cun marco xurídico que nos sitúa na vangarda dos países da contorna, as cifras de mortes e agresións contra as mulleres e as nenas seguen a ser abafadoras e, ano tras ano, indicannos que hoxe máis que nunca é necesario incrementar os esforzos e erradicar aquelas actitudes e comportamentos cotiáns que reproducen a desigualdade e que están na orixe da violencia de xénero, contribuíndo a perpetuala.

A superación deste tipo de violencia é moi complexa pero iníciase atallando a desigualdade histórica entre homes e mulleres, abordándoa desde un compromiso real, coa implementación de medidas integrais eficaces que se traducen en políticas preventivas e de intervención desde as idades máis temperás.

A experiencia confirma que canto máis próximas están administración e cidadanía, máis eficaces son as medidas de sensibilización, de educación, ou de detección precoz, e máis eficaz é a resposta de urxencia ou o seguimento dos servizos. En suma, mellores resultados obtéñense na loita contra a violencia de xénero.

Conscientes diso, as administracións locais foron implementando normas e plans con medidas específicas que favorecen a igualdade de oportunidades, introducindo, na maioría dos casos, a igualdade de xénero como paradigma de progreso.

Con todo, a pesar do avance, o feito de que a violencia machista perdure é deleznable polo que debemos seguir a traballar. É por iso que, a FEMP, neste día, convoca aos Gobernos locais a ...:"

Vistas as achegas efectuadas polos grupos municipais do Partido Popular e Ciudadanos, propónse á Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos nos que se inclúen tanto os que contén a declaración da FEMP, como os achegados polos devanditos grupos:

Primeiro: Incluír a violencia de xénero na axenda política como un problema prioritario.

Segundo: Reforzar os esforzos para a implementación de políticas integrais contra a violencia de xénero, deseñadas desde a defensa dos dereitos das mulleres e dirixidas a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres como un paso adiante para a transformación social necesaria para superar esta eiva social.

Terceiro: Desenvolver campañas preventivas, e con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en colaboración coas comunidades e axentes educativos.

Cuarto: Promover acordos, desde todos os grupos políticos, coa finalidade de que existan medidas de prevención e de protección eficaz, así como as medidas que sexan necesarias para loitar con todos os medios contra este tipo de violencia.

Quinto: Comprometerse a adoptar as medidas necesarias para reactivar a Mesa Institucional contra a Violencia de Xénero en Cambre, como instrumento de estudo e diagnóstico da situación, fomento de medidas e seguimento da situación de loita contra a violencia de xénero no noso municipio.

Sexto: Esixir ao Goberno do Estado ou da Comunidade Autónoma, no seu caso, o cumprimento estrito dos protocolos sobre a violencia para que a vítima non teña que coincidir co seu agresor nos xulgados.

Sétimo: Instar ao Observatorio da Violencia de Xénero para que, unha vez transcorridos cinco anos, soliciten á vítima unha valoración sobre o proceso que se levou a cabo, coa finalidade de poder detectar os posibles fallos e, como consecuencia da dita valoración, adoptar as medidas necesarias para a súa solución.»

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan

Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para dar cumprimento á Ordenanza municipal de normalización lingüística

Rexistrada de entrada ao núm. 999/147 o día 24 de novembro de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade que se implica nun proceso de cambio, ou non se consegue, e as administracións públicas teñen a obriga e responsabilidade de apoiar e promover ese proceso, deste xeito a Lei de normalización lingüística declara a nosa lingua como oficial e, polo tanto, as institucións públicas de Galicia son as que teñen que velar polo seu coidado, uso e protección.

Para ACdC a defensa do galego é, e será sempre, primordial, buscando así a súa correcta normalización.

A Corporación municipal en sesión ordinaria de data 25 de novembro de 2004, aprobou, con carácter inicial, a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Cambre. Logo de resolver as correspondentes alegacións e modificar varios artigos motivo dun contencioso-administrativo, a ordenanza foi aprobada definitivamente o día 30 de setembro de 2008 e publicada no BOP o día 24 de xaneiro de 2009. Así o artigo 1.1. di o seguinte: *O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Cambre.*

Para implicar á sociedade nese proceso de cambio, as administracións deberían aplicar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras para así implicar no proceso normalizador ás distintas entidades, sectores e colectivos sociais.

Para desenvolver as súas políticas en calquera ámbito, as administracións públicas dótanse de instrumentos técnicos, por isto consideramos imprescindible a recuperación e dinamización da lingua histórica de Cambre, polo que cremos que o Goberno municipal debería facer unha reflexión e revisión xeral das políticas lingüísticas desenvolvidas na propia institución e no conxunto do termo municipal.

Por todo o exposto o Grupo Municipal de ACdC propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que se aplique o artigo 2.4 da Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2008, polo cal se acorda a creación dun Servizo de Normalización Lingüística (SNL).

Segundo: Que así mesmo se constituía, segundo o artigo 23 da mesma ordenanza, a Comisión interdepartamental de seguimento, a cal estará constituída polo alcalde, a secretaria, o xefe de persoal, persoal do propio SNL, un concelleiro de cada grupo e un representante da Xunta de Persoal. A dita comisión reunirase como mínimo dúas veces ao ano.

Terceiro: Dar conta deste acordo á Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, así como a todos os órganos competentes.”

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez manifesta que a creación dun novo servizo de normalización lingüística suporía a creación dunha praza, como mínimo, e neste momento, como saben, pola lei de orzamentos do Estado para o ano 2016, sería imposible convocar unha praza de nova creación, aínda que fose temporal. Por todo isto, di que está a prol da moción pero cando as condicións o permitan.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende logo ese sería o primeiro paso, intervenir na lexislación actual e tela en conta. Pero pensa que se pode comezar a facer

cousas neste sentido, así dende os departamentos máis implicados nas cuestións culturais, educación, deporte, de implicación social, de movementos asociativos, se pode implementar políticas, aplicar medidas que favorezan e recuperen este tipo de servizo, aínda que oficialmente non se estean a exercer.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que na moción presentada pola Asemblea Cidadá de Cambre se propón a aplicación do artigo 2.4 da ordenanza de normalización lingüística de Cambre, polo que se acorda a creación dun servizo de normalización lingüística a constitución conforme ao artigo 23 dela, unha comisión interdepartamental de seguimento e que se dea conta igualmente deste acordo a todos os órganos competentes.

Di que en primeiro lugar, precisar que a creación do servizo de normalización lingüística non está prevista no artigo 2.4 desta ordenanza, tal e como se di na moción, senón no artigo 22 da citada ordenanza. En segundo lugar e con respecto dos acordos propostos, non será o grupo municipal Popular o que secunde o incumprimento dos acordos adoptados ou a normativa aplicable, se ben se debe ter en conta a necesidade de xustificar a oportunidade da adopción das medidas que están sendo propostas. A este respecto, é evidente que as medidas propostas non pasarían o necesario informe de oportunidade para a creación dun servizo, xa que oito anos despois da aprobación definitiva da ordenanza de normalización lingüística de Cambre entende máis que probada a inexistencia de imperiosas, urxentes ou extraordinarias razóns que xustifiquen un incumprimento ou contravención da normativa e principios de estabilidade orzamentaria actualmente vixentes no ámbito da administración en xeral e, en particular, no ámbito da administración local.

Continúa a dicir que recolle a moción na súa exposición de motivos como a corporación municipal aprobou inicialmente no ano 2004 a ordenanza de normalización lingüística que, tras modificar varios artigos motivo dun contencioso-administrativo, foi aprobada definitivamente o 30 de setembro de 2008 e publicada o 24 de xaneiro de 2009 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. O que non di o grupo propoñente é que a ordenanza inicialmente aprobada foi no período de información pública obxecto de alegacións polo grupo municipal Popular, o que motivou o ditado dun novo informe da secretaría municipal, no que tras un concienzudo exame de máis de trinta e catro folios, estimou en parte as alegacións presentadas modificando trece dos vinte e seis artigos de que constaba a ordenanza inicialmente aprobada. A pesar do cal, a concelleira competente en materia de normalización lingüística propuxo ao pleno, que así aprobou, a modificación de sete dos mencionados artigos. Modificación grazas a cal, entre outros, o artigo 1.1 reproducido pola Asemblea Cidadá de Cambre na súa exposición de motivos foi acompañado necesariamente do artigo 1.2, conforme ao que ademais do galego, o castelán tamén é lingua oficial do Concello de Cambre, como lingua oficial do estado, como non podía ser doutro xeito, por mandato constitucional e estatutario. Modificacións ás que se debe engadir as introducidas en virtude da sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 3 de xullo de 2008, no que se anulou ou modificaron por contrarios a dereito outros nove artigos. Froito de todas estas modificacións e supresións sobreviviu un texto no que suprimidas as imposicións e prohibicións do texto inicialmente aprobado se despoxa el mesmo da necesidade da creación dun servizo de normalización lingüística no concello, como proba o feito que transcorreran oito anos dende a aprobación do texto sen que o mencionado servizo nin a comisión haxan sido creados, incluso estando no goberno os mesmos partidos políticos que aprobaran esa mesma moción. A isto se debe engadir que o propio artigo 22.2 da citada ordenanza establece como funcións propias do servizo que se pretende crear as de tradución, corrección e asesoramento, funcións que xa se están a realizar en cada un dos departamentos polos empregados públicos do noso concello, empregados que dominan a linguaxe administrativa galega e que periodicamente dispoñen dos medios necesarios para a súa formación e reciclaxe, se así o consideran conveniente.

De aí que dende o seu grupo entendan máis que urxente dotar ao concello, se iso é posible, de máis medios noutros departamentos, como por exemplo en servizos sociais, o que unido á necesidade de cumprir cos principios e a normativa propia de estabilidade orzamentaria, evidencian que este non sexa o momento máis apropiado, como parece ser que así dixo o alcalde accidental, para a creación dos citados órganos, razón pola que, o grupo municipal Popular non pode ser favorable a súa aprobación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta o seu apoio a unha moción que entende debidamente fundamentada e no groso da súa redacción ben formulada. Comparte total e absolutamente a preocupación polo uso, a protección e a promoción do idioma propio de Galicia e no Concello de Cambre e será a súa intención máis firme e determinante impulsar a creación dos mecanismos legais e institucionais oportunos para dotar da citada protección, promoción e normalización no seu uso o idioma que entende foi do común dos nosos pais, avós e quere que o siga a ser dos seus fillos e netos. Felicita, polo tanto, a ACdC por presentar este tema a pleno, erros pasados, neste caso, por omisión ou inacción de corporacións anteriores non supoñen a xuízo do Bloque Nacionalista Galego a inexistencia dunha demanda ou dunha necesidade, xa di, de protexer a súa lingua local e tamén un mandato estatutario, norma básica da que se dota a autonomía. O seu grupo ten claro que non quere entrar en cuestións que xudicialicen o uso do idioma ou que leven a visións enfrontadas. Quere protexelo con medidas proactivas, con medidas que incentiven o seu uso dunha visión claramente didáctica e positiva e non ten o máis mínimo interese en que o seu idioma sexa obxecto de solfa en cuestións e estamentos xudiciais. A partir de aí, hai un longo camiño por andar no que quere pensar que se pode contar co común do apoio da corporación e por iso o seu grupo vai votar favorablemente sobre esta moción e felicita a ACdC por presentala.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo comparte a posición do goberno cando se poida dotar efectivamente de persoal para poder cumprir o que se aprobou noutro pleno, estará encantado de que se volva propoñer e aprobalo. Agora mesmo, cre que non é o momento e, polo tanto, o voto do seu grupo vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que ao seu grupo lle dá igual cal é o idioma se realmente se entenden. Di que estamos en Galicia, polo tanto, cre que debemos de entendernos, en principio, en galego, entre nós. O seu grupo apoiará esta moción coa excepción que fixo xa o señor alcalde en funcións que non é posible, e un tema que queda aí en suspenso mentres non se poida realizar.

Don Antonio Bruquetas Santos agradece as palabras de apoio do compañeiro do BNG. Di que está de acordo que o momento mellor non é o máis apropiado para afondar nestes temas, pero di cando é, cando se ten esa solvencia económica que permite a creación destas cousas, cando nos podemos empezar a preocupar por manter un patrimonio propio do noso pobo, cando nos podemos empezar a preocuparnos por esas rúas que están mal postas, por eses problemas que teñen os veciños en localizarse, fálase, en terse en conta, porque non teñen os seus sitios ben organizados, porque os nomes varían moitísimo dun lado para outro, de tal maneira que é necesario que se fagan ese tipo de intervencións. Ese tipo de cousas é soamente unha das que tería un servizo de normalización lingüística. Está claro tamén que agora mesmo xa se están a cumprir con eses labores con esas funcións que debería ser específico dun servizo de normalización lingüística. Non pode ser este un dos motivos polos que chegamos tarde a determinadas cuestións. Non pode ser, quizais, que teñen que facer un traballo que non é a súa propia función, cando se ten recollida nunha ordenanza a creación deste punto e dálle igual que sexa no punto 2, no punto 4 que no punto 22. O tema é que se considera dentro da ordenanza a creación deste servizo de normalización lingüística, de tal xeito que, pensa, tendo en conta as limitacións legais que os entes superiores poñen por diante, o haberá que facer antes ou despois. Di que si que o idioma é para entendernos, claro que si, e de aí dá un pouco igual para onde vaia, pero o idioma forma parte de algo máis, forma parte do acervo cultural propio de cada quen. No seu caso persoal non tivo esa sorte, na súa casa non falaba galego habitualmente, di que se considera mermado nesas capacidades, non quere que a xente teña eses mesmos problemas. ACdC quere precisamente que o galego se normalice como un patrimonio cultural, non unha cousa que nos divida, senón que nos una. Isto é o que parece que non se está a comprender moito. Con esta moción o que pretende é que se dean pasos a prol deste concepto novo, desta concepción do idioma.

Don Juan González Leirós manifesta que está totalmente de acordo, aínda que non o pareza no seu reproche. A súa avoa falaba en galego, a súa nai falaba en galego, o seu pai fala en galego e non sabían falar castelán, e non sabía falar castelán, repite, dío así de claro. El andou polo mundo e aprendeu a falar castelán porque non lle

quedou máis remedio e ademais lle apetece falar castelán, iso é ao que se refería, está en Galicia, cre que é un patrimonio, cre que hai que reivindicalo.

O señor alcalde en funcións intervén e di se se aceptaría engadindo unha apostila que cando as condicións sexan favorables dende o punto de vista legal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación proposta polo equipo de goberno no punto primeiro dos acordos, pola que se engade a expresión “cando as condicións sexan favorables dende o punto de vista legal”, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que se aplique o artigo 2.4 da Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2008, polo cal se acorda a creación dun Servizo de Normalización Lingüística (SNL), cando as condicións sexan favorables dende o punto de vista legal.

Segundo: Que así mesmo se constituía, segundo o artigo 23 da mesma ordenanza, a Comisión interdepartamental de seguimento, a cal estará constituída polo alcalde, a secretaria, o xefe de persoal, persoal do propio SNL, un concelleiro de cada grupo e un representante da Xunta de Persoal. A dita comisión reunirse como mínimo dúas veces ao ano.

Terceiro: Dar conta deste acordo á Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, así como a todos os órganos competentes.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG, GM (C's) e polo concelleiro non adscrito. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción dos grupos municipais e do concelleiro non adscrito en apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI impulsadas polo Concello de Oleiros

Rexistrada de entrada ao núm. 999/143 o día 22 de novembro de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“Os desgraciados accidentes ocorridos nos últimos tempos fan máis necesaria que nunca a mellora desta estrada, pois é imprescindible unha reconversión deste radial que atravesa os concellos de Cambre e Oleiros para reducir o número de accidentes e aumentar a seguridade nesta vía.

Os grupos municipais do Concello de Cambre (ACdC, BNG, Ciudadanos, PSOE, UxC e o concelleiro non adscrito) queren manifestar que apoian ao Concello de Oleiros na demanda dunha serie de melloras, a humanización e soterramento do tráfico e a inmediata construción de pasarelas para os peóns.

Tamén queremos poñer en valor a eliminación da peaxe en Guísamo e Macenda, abrindo así a posibilidade de reducir o tráfico na N-VI.

Estas melloras tamén repercutirían en beneficio dos veciños e veciñas da zona do Graxal pertencente ao Concello de Cambre.

Acordo:

Único: Apoio ás mobilizacións convocadas polo Concello de Oleiros.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, coas seguintes modificacións:

- modificación proposta polo grupo municipal do PP respecto da redacción do punto único dos acordos
- modificación proposta polo grupo municipal de ACdC-SON respecto da redacción da última frase da parte expositiva da moción

votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que quere intervir porque o seu grupo non asinou a declaración institucional como xa lle dixo ao señor alcalde. Non a asinou polo seguinte, de verdade, ás veces se encontra sorprendido parece que os do PP son raros, é moi posible. Estanse a apoiar as mobilizacións que se están a facer, coas que está de acordo, convocadas polo Concello de Oleiros. El di que loxicamente o BNG ten representantes tamén no Concello de Oleiros, o que lle sorprende é que a moción presentada en Oleiros non é exactamente igual que a presentada en Cambre. Di por que. Quere preguntarlle ao concelleiro do BNG por que non é igual a moción institucional presentada en Oleiros que a presentada en Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que porque unha cousa é Cambre e outra cousa é Oleiros. É así de sinxelo. Da mesma maneira que no anterior punto da orde do día non se aprobou unha moción da FEMP porque se fixo unha pequena modificación a iniciativa de quen, do grupo municipal do Partido Popular, que o seu grupo entendía que melloraba o texto orixinal. Introduce o Bloque Nacionalista Galego o tema das peaxes porque entende que o tema das peaxes na AP9 é fundamental a súa, chamémoslle abolición, para os veciños de Cambre que fan un uso moi grande da AP9 principalmente no seu tramo entre A Coruña e O Burgo e logo nas conexións con Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, etc. Realmente, el pregunta, con sinceridade, ao señor Rivas se está en desacordo con algún punto, é un único punto resolutivo, pero con algún dos puntos expositivos da moción, porque, dille señor Rivas, el de verdade non pensa que eles son raros, pero ás veces un pouco revirados si, porque isto é un sen vivir, eu quero votar pero logo non

poido, é dicir, realmente, e dío con sinceridade, foi a un texto o máis sinxelo, o máis dixerible e o máis apto para o consenso por parte de todos; podía optar por outro modelo de redacción, por ser máis vehementes co Partido Popular, corenta mil historias e cre que é un acordo de mínimos que serve, de verdade o di, para que Cambre estea á altura das circunstancias, que un concello veciño acaba de emprender unha serie de mobilizacións xustas para unha demanda xusta no tema da N-VI que nos afecta moi directamente e todo o tema da conexión destas vías que son de alta capacidade que pasan por Cambre, pois se se pode estar de acordo, votemos a prol. Que é o que quere que quite o BNG ou que é o que quere que poña. Di que está aberto a calquera tipo de suxestión, volve o prato para a cociña e o volve presentar, non hai problema.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que llo agradece e dille porque. Porque non entende. Di que el está co alcalde de Oleiros na Deputación e están xuntos nas comisións, no pleno, en todos os sitios co alcalde de Oleiros. Di que el o felicitou por ter iniciado esas mobilizacións e cre que como el do Partido Popular e, non comen na mesma mesa, o felicitaron outros deputados do Partido Popular. O que non entende e non acaba de entender é porque se presenta unha moción cunha exposición de motivos en Oleiros e se presenta outra en Cambre para apoiar as mobilizacións de Oleiros, porque o acordo é apoio as mobilizacións convocadas polo Concello de Oleiros; pero cales, as que piden a humanización soterrada do tráfico, as que piden as pasarelas para os peóns, ou as que piden a eliminación da peaxe en Guísamo e Macenda. Di que estando el de alcalde quere lembrar que isto se presentou ao pleno e levouse ao consorcio e o Consorcio das Mariñas e todos os concellos xuntos solicitaron a supresión desa peaxe. O que non entende e porque se cambia a moción, di que se el non está seguro e está a apoiar ao concello veciño igual que se fora o de Carral, o de Arteixo ou de Betanzos, pero se está a apoiar a ese concello que a moción sexa igual nos dous concellos, non distinta e el pregunta porque, porque somos máis listos en Cambre, porque senón, o seu grupo simplemente se negou a asinala por iso, porque leu a moción que presentaron en Oleiros e leu a moción de Cambre e non se parecen. O obxectivo é igual, está de acordo. Apoiar as mobilizacións convocadas polo Concello de Oleiros, para que. Para o un, dous, ou tres. Para que, ou para invadir Cambre, pregunta, por que aquí non está claro. Exponse uns motivos pero non o acordo. Dille ao señor Carballada que non lle tome o pelo, el non é un bicho raro. El non entende porque o BNG é distinto en Cambre que en Oleiros. Non o entende. Ou na Coruña.

Don Daniel Carballada Rodríguez, moi brevemente, expón que flipa por cores, sirva a expresión coloquial, o Bloque Nacionalista Galego de Cambre presenta unha moción que se redacta baixo os parámetros dos intereses e a casuística propia do Concello de Cambre. É o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cambre e é veciño de Cambre e o que fai nesta moción, como con todas, con maior ou menor acerto, neste caso considera humildemente que con bastante, é fixar a problemática que ten Cambre e baseándose nesta problemática, por iso apoia as mobilizacións do concello veciño de Oleiros. El non entra na situación do tráfico en Perillo, nin en concreto, no problema que poidan ter en determinadas parroquias para acceder ao sol e mar, ou o colapso que se dá en Santa Cruz. Di que xustifica e pensa dende Cambre. Chámalle moitísimo a atención que o señor Rivas lle recrimine iso. Por suposto, claro que si, que se teñen dado situacións anteriores onde se teñen traído estas cuestións e ben traídas están. A maiores, e a redacción é clarísima, di que tamén quere poñer en valor a eliminación da peaxe en Guísamo e Macenda, que afecta moi directamente a Cambre, porque non se esquece e pensa en Cambre. Cre, de verdade, que o pleno de está a alongar quizais máis do preciso e estamos todos quizais un pouco espesos e convida ao señor Rivas a votar favorablemente sobre esta moción e lonxe da súa idea chamarlles a eles raros ou cousa polo estilo. Cre que a moción é sucinta, esquemática, medio folio, e todo de maneira clarísima e se queren votan a prol, voten e se non, loxicamente, non, que lle vai facer.

Don Juan González Leirós explica por que o seu grupo, cre que o debe explicar, vai votar a prol sobre esta moción. Vota que si ao seguinte: na demanda dunha serie de melloras, a humanización e soterramento do tráfico e a inmediata construción de pasarelas para os peóns. Tamén quere poñer en valor a eliminación da peaxe en Guísamo e Macenda, abrindo así a posibilidade de reducir o tráfico na N-VI. Pregúntase por que vai votar que si. Porque cre que a N-VI dende hai moito tempo, e así o reivindicou noutras exposicións, debe de ser e reconverterse nun boulevard, máis ou menos urbano, máis ou menos con intensidade de tráfico. Deixou de ter a característica de N-VI como tal elemento de introdutor de tráfico dentro da Coruña, iso xa o ten que corresponder

á terceira rolda e a vía ártabra que xa se pode comezar a reivindicar dunha vez co enlace en Guísamo ou co enlace na N-VI para que o tráfico se desvíe e entre por outro lado. Porque cre iso e porque o defende. Porque cre que hai unha parte de Cambre que está absolutamente retirada de todo contexto urbano, que é a parte da N-VI e coa simple cuestión de mover 20 metros ese espazo que sube á estrada desprazalo 20 metros máis para alí, se poden unir dúas e se pode completar Cambre nunha mención e darlle máis actividade. Polo tanto, toda esta exposición de motivos que se presenta aquí beneficia a Cambre. O tema de Guísamo, beneficia porque se introduce menos tráfico e polo tanto se pode humanizar a parte da N-VI. Respecto dos outros temas, o que se faga en Oleiros tamén o estende a Cambre. Por isto o seu grupo votará positivamente esta moción.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que Asemblea Cidadá de Cambre está moi contenta con esta iniciativa. Di que xa estivo nas manifestacións e continuará a estar naquelas que se convoquen e o único que pode cambiar desta moción sería engadir na última frase a estas melloras tamén repercutirían en beneficio dos veciños e veciñas da parroquia do Temple non centrando unicamente no Graxal pertencentes ao Concello de Cambre. Di que é o único por engadir.

Don Brais Cubeiro Fernández manifesta que está completamente de acordo coa modificación de ACdC e di que se o Partido Popular, incluso, quere apoiar a moción pode modificar o acordo e dicir apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI impulsadas polo Concello de Oleiros.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que perfecto. Di que o seu grupo acepta, pero é que apoio ás mobilizacións convocadas polo Concello de Oleiros. E mañá convócase unha mobilización para destruír a ponte do Burgo, que pasa, tamén se apoia. Entende a exposición de motivos, claro que a entende, e todos estamos de acordo niso. El persoalmente felicitou ao alcalde de Oleiros, pero o que non está claro é o acordo a adoptar. El expresouno claro. Se é así, di que o redacte e a asina.

O señor alcalde en funcións solicita a don Brais Cubeiro Fernández que o repita.

Don Brais Cubeiro Fernández expón declaración institucional en apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI. Os grupos municipais do Concello de Cambre presentan esta moción en apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI impulsadas polo Concello de Oleiros. Exposición de motivos: todo o anteriormente dito. Acordo: Apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI impulsadas polo Concello de Oleiros.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que ser dun partido ou outro, en causas comúns hai que estar aí. Estas mobilizacións benefician a Cambre, benefician a Oleiros e cre que unidos se poden conseguir moitas máis cousas; polo tanto, o voto do seu grupo vai ser a prol, porque cre que a unión e a forza beneficiarán a Cambre.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como se transcribe a continuación:

“Os desgraciados accidentes ocorridos nos últimos tempos fan máis necesaria que nunca a mellora desta estrada, pois é imprescindible unha reconversión deste radial que atravesa os concellos de Cambre e Oleiros para reducir o número de accidentes e aumentar a seguridade nesta vía.

Os grupos municipais do Concello de Cambre [PP, UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG e GM (C's)] e o concelleiro non adscrito queren manifestar que apoian ao Concello de Oleiros na demanda dunha serie de melloras, a humanización e soterramento do tráfico e a inmediata construción de pasarelas para os peóns.

Tamén queremos poñer en valor a eliminación da peaxe en Guísamo e Macenda, abrindo así a posibilidade de reducir o tráfico na N-VI.

Estas melloras tamén repercutirían en beneficio dos veciños e veciñas da zona da parroquia do Temple, pertencente ao Concello de Cambre.

Acordo:

Único: Apoio ás mobilizacións para a mellora da N-VI impulsadas polo Concello de Oleiros.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG sobre a transferencia da titularidade e competencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Rexistrada de entrada ao núm. 999/145 o día 24 de novembro de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén pola deterioración e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, con base nun suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar a dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos das peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia e poder abaratar o seu custo para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta Corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galicia nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante desde o punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galicia se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como

obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, á conta do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación do Concello de Cambre tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galicia e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos aprobados polo Parlamento de Galicia.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara á principal institución representativa de Galicia, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galicia sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de poder facela valer.

Por todos estes motivos, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia.

Segundo: Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobalos nos termos consensuados no Parlamento de Galicia.

Terceiro: Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e ás construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.

Cuarto: Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno central e a presidenta do Congreso dos Deputados.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que xa a propia moción o di, acadar igual que o que se acadou no Parlamento de Galicia. Di que el loxicamente se dedica a un partido que hoxe por hoxe está a gobernar Galicia e que se esixiu dende o ano 2009 a transferencia da autoestrada AP9. O sentido do voto do Partido Popular non pode ser distinto en Cambre que no Parlamento de Galicia. E xa lle dixo ao Bloque Nacionalista Galego que está de acordo cos puntos 1, 2 e 4, pero non co punto 3. Ten a resposta do Parlamento de Galicia que lle deu ao Bloque Nacionalista Galego e no punto 3 rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e ás construtoras que as xestionan. Non sabe a que ven o punto 3, con sinceridade. Se se está a falar que dende o ano 2009 o Parlamento de Galicia xa solicitou a transferencia da AP9. Xa llo solicitou ao ministerio. Sorprende, ademais, iso dito no Parlamento de Galicia, con respecto dos fondos que vai custar, que son catro mil trescentos millóns de euros, que é o que se calcula, haberá que negocialo porque non é fácil ou non se consegue de hoxe para mañá o que non foi capaz de conseguir ninguén, iso foi o que lle dixo o presidente do Parlamento de Galicia. Mesmo que o PSOE se negou a transferir en vinte e dous anos cando gobernou en España e que o Bloque Nacionalista Galego non esixiu cando aprobada os orzamentos de Zapatero en Madrid. Nesa época chegou mesmo a votar en contra de solicitar a transferencia no Parlamento de Galicia.

Di que el, o seu grupo, se se retira o punto 3 votará a prol. Se non se retira o punto 3, votará en contra.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que non o vai a retirar.

Concedida a palabra a Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu partido é un partido de Cambre e vai falar de Cambre. Di que non cre que o grupo Popular sexa raro, simplemente, pensa distinto a el, pero continúa a falar con eles. O seu grupo cre que a autoestrada de Galicia é unha autoestrada que comunica termos de Galicia, que debe ser galega, isto no País Vasco non sucede. Pagamos todos cando vimos de Francia,

pagamos por pasar polo País Vasco, pagamos, non sabe agora, pero si cando ía, e aquí si pasa. Para Cambre, porque si lle interesa, porque vai ser moito máis fácil o diálogo da conexión da vía ártabra co N-VI libre de peaxe, que non co Estado, que está sendo moi dificultoso, porque evidentemente hai que pagar a peaxe e non se pode facer, co cal lle interesa ter unha relación moita máis semellante co goberno propio autonómico, di dende o ámbito de Cambre, que non co outro. Di que o punto terceiro non lle crea ningún tipo de distorsión para poder votar o resto, porque cre que o concepto e contido está moi claro. Que se volva a recuperar isto e agradece ao Bloque Nacionalista Galego neste caso que manteña viva este tipo de cuestións, porque ás veces se quedan nun arquivo, nun peto, non di con isto que a Xunta de Galicia non estea a facer nada, pero de vez en cando non está de máis darlle unha volta e reactivalo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que comparte, como non vai ser doutra maneira, que a AP9 debe ser galega e como empresaria autónoma sofre estes altos prezos tanto os pequenos empresarios como calquera tipo empresario e calquera particular. Cre que o desenvolvemento económico de Cambre se ve afectado tamén e hai que poñer as facilidades necesarias para todos, para os pequenos empresarios, para os particulares e o tema da AP9 é un tema que está enriba da mesa, que se aprobou no Parlamento e como dixo o señor Leirós hai que seguir machacando ata que poidamos ter unha solución eficaz. Polo tanto, felicita ao BNG e di que o seu voto vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, felicita ao BNG por esta moción. Pensa que é moi axeitada e non quitaría ningún dos puntos tampouco. Votará a prol da moción, porque tamén pensa que unha parte da posta que se ten que facer dende Cambre por crear unha área metropolitana cunha serie de infraestruturas que sexan propias e que teñan a facilidade de facernos crecer a todos dun xeito coherente. Neste sentido, repite, votará a prol.

Don Manuel Rivas Caridad quere deixar claro que loxicamente o seu grupo está a prol de todas estas posturas. Que sucede. Que igual que se presentou no Parlamento onde houbo un consenso cos voceiros para facer isto eles teñen que eliminar ese punto 3, se non, se antes dixo que a votarían en contra, se equivocou. Di que o seu se absterá na votación da moción, pero que conste que está a prol, igual que está o Parlamento de Galicia, igual que está o presidente Feijoo reclamando isto dende o ano 2009.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do señor presidente, a secretaría xeral explica que se esqueceron de incluír como punto na orde do día a toma de coñecemento das resolucións do señor alcalde respecto da creación de áreas e nomeamentos, que sempre se inclúen como punto independente, polo que vai dar conta delas neste punto, xa que ao fin e ao cabo xa as teñen e tamén se deu conta delas nas comisións informativas.

- Da Resolución da Alcaldía número 1839/2016, do 18 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo, e a Resolución da Alcaldía núm. 493/2016, do 30 de marzo, relativas á creación das áreas de goberno, que quedarán conformadas, en canto ás súas denominacións e ámbito material, segundo se relacionan a continuación, e que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 48 do Regulamento orgánico municipal:

ÁREA DE PRESIDENCIA

- Coordinación das diferentes áreas municipais
- Comunicación interna e externa e protocolo
- Secretaría particular
- Políticas transversais ou proxectos nos que interveñen varias áreas
- Relacións institucionais e sinatura de todo tipo de convenios
- Participación e movemento asociativo
- Xestión das políticas de información cidadá
- Sistemas informáticos, impulso e difusión do uso das novas tecnoloxías da información
- Elaboración e xestión dos orzamentos municipais
- Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria
- Contabilidade, Tesourería e Recadación
- Facenda local e inspección de Facenda
- Xestión e xeración de recursos
- Contratación local
- Central de compras
- Todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, SERVIZOS SOCIAIS E EDUCACIÓN

- Xestión do persoal do concello, retribucións, premios e sancións, situacións administrativas, selección de persoal, provisión de postos de traballo, prevención de riscos laborais e todas aquelas materias competencia do alcalde susceptibles de delegación nesta área.
- Organización e coordinación do funcionamento da administración municipal.
- No ámbito dos servizos asistenciais aos cidadáns, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (artigo 25.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro).
- Xestión dos proxectos, programas, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, infancia, familia, políticas da muller, atención á terceira idade e políticas de igualdade, ou que se poidan desenvolver, iso de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- No ámbito das políticas de acción voluntaria, os servizos e actividades que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- No ámbito da Educación:
 - a vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperación coas administracións educativas na obtención dos terreos necesarios para a construción dos novos centros docentes, así como a vixilancia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade municipal destinados a centros

públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, dando conta á responsable da Área de Servizos e Xuventude para os efectos oportunos.

- a utilización dos equipamentos educativos, así como os programas e servizos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ÁREA DE URBANISMO, OBRAS E MEDIO AMBIENTE

- Xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo: planeamento, xestión urbanística, intervención administrativa e disciplina urbanística
- As actividades e facultades relacionadas coa promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira
- Xestión catastral
- Actividades sometidas a licenza e a comunicación previa
- Outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público, a excepción daqueles que impliquen autorizacións para a venda ambulante
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

- Xestión dos plans de formación, emprego, programas e proxectos de cooperación con organismos públicos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Relacións cos axentes sociais, emprendemento e potenciación da vida económica local, fixación de obxectivos e desenvolvemento de proxectos para a promoción das actividades económicas do concello que se veñen desenvolvendo ou se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Xestión das políticas municipais en materia de feiras, mercados, comercio e relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

ÁREA DE SERVIZOS

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública
- Inspección e control dos servizos públicos, mantemento e conservación de parques e xardíns, mantemento de edificios, infraestruturas e instalacións municipais

ÁREA DE XUVENTUDE, TURISMO E PATRIMONIO

- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización da casa da xuventude
- Xestión das políticas municipais en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito municipal
- Xestión do museo
- Xestión patrimonial: inventario de bens, dereitos e obrigacións, administración e defensa do patrimonio municipal
- Reclamacións por danos causados nos bens integrantes do patrimonio municipal
- Responsabilidade patrimonial

ÁREA DE PROTECCIÓN CIVIL, POLICÍA LOCAL E SANIDADE

- Xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local
- No campo da sanidade:
 - centros públicos de saúde, tendo en conta o establecido para o efecto na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local e Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
 - cemiterios e servizos funerarios

ÁREA DE CULTURA, DEPORTES E MOBILIDADE

- Promoción da cultura e equipamentos culturais:
 - Programación cultural
 - Exposicións culturais
 - Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
 - Espectáculos públicos
 - Festas
 - Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais
- No campo do deporte:
 - Promoción do deporte
 - Cursos e escolas deportivas
 - Relación con clubs e asociacións deportivas
 - Xestión da utilización dos equipamentos deportivos
- Transporte e mobilidade

Segundo: Corresponde á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan respecto da adscrición a unha área determinada dunha materia concreta.”

- Da Resolución da Alcaldía número 1840/2016, do 18 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Cesar a dona M^a Jesús Gómez González como membro da Xunta de Goberno Local e como quinta tenente de alcalde do Concello de Cambre.

Tendo en conta o establecido nos artigos 58.5 e 70.2 do Regulamento orgánico municipal, ambos cesamentos terán efectividade a partir do día 30 de novembro actual, data na que se efectuará a correspondente notificación á interesada, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Nomear quinta tenente de alcalde a dona Josefa Vázquez Soto, con efectos dende o día 1 de decembro de 2016.

De acordo co disposto no artigo 58.4 do ROM, notifíquese persoalmente á interesada, tendo en conta que o dito nomeamento requirirá para ser eficaz a súa aceptación. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, a concelleira non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.

Terceiro: Designar como membro da Xunta de Goberno Local, e nomear sétimo tenente de alcalde, a don Daniel Carballada Rodríguez, con efectos dende o día 1 de decembro de 2016.

En virtude do establecido nos artigos 58.4 e 69.2 do ROM, notifíquese persoalmente ao interesado, tendo en conta que os ditos nomeamentos requirirán para ser eficaces a súa aceptación. Enténdese que hai aceptación tácita dos nomeamentos se

no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.

Cuarto: A Xunta de Goberno Local queda integrada polos concelleiros que a continuación se relacionan, que exercerán, á súa vez, como tenentes de alcalde na orde de nomeamento que igualmente se indica:

- 1º Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- 2º Don Juan González Leirós
- 3º Dona Leonor Fernández Grande
- 4º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 5º Dona Josefa Vázquez Soto
- 6º Don Ramón Boga Moscoso
- 7º Don Daniel Carballada Rodríguez

Quinto: De conformidade co establecido nos artigos 58, 68 e 69 do ROM, notifíquese aos concelleiros, publíquese no BOP e déase conta na primeira sesión do Pleno que teña lugar.”

- Da Resolución número 1841/2016, de 18 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Juan González Leirós mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Segundo: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Servizos e Xuventude, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Servizos, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Terceiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Ramón Boga Moscoso mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Cuarto: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Quinto: Modificar o ámbito material da delegación xenérica conferida a prol de dona Leonor Fernández Grande mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Desenvolvemento Socioeconómico, quedando integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Sexto: Manter sen cambios a denominación e ámbito material da delegación xenérica conferida a prol de dona Josefa Vázquez Soto mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, para a Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, tal e como se deriva do disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe.

Sétimo: Conferir a delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 1839/2016 ditada no día de hoxe, a don Daniel Carballada Rodríguez.

Oitavo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, comprenden:

- a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
- d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos señores concelleiros.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.
- f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal *“as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e prace”, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.*”
- En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán rubricadas á marxe polo/a funcionario/a responsable da área, ou polo/a funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.
- g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.
- En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.
- A certificación irá rubricada á marxe polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.
- h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.
- i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.
- j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro delegado de cada área.

Noveno: A Alcaldía asumirá directamente a dirección da Área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Así mesmo, quedan reservados a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”.

Décimo: A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas, isto de conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo primeiro: Manter a delegación especial efectuada mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, relativa aos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, a dona María Dolores Blanca García Fernández, que terá ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, elevando a esta Alcaldía, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

Décimo segundo: Conferir a delegación especial dos proxectos, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, familia, muller, terceira idade, políticas de igualdade, acción voluntaria e educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, a dona M^a Jesús Gómez González, que terá ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, elevando ao concelleiro con delegación xenérica, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

Décimo terceiro: Conferir a delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, a don Brais Cubeiro Fernández, que terá ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, elevando ao concelleiro con delegación xenérica, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

Décimo cuarto: De conformidade co establecido no artigo 49.2.b) do Regulamento orgánico municipal, a delegación especial conferida a cada concelleiro, e respecto dos servizos determinados, enténdese conferida como delegación da dirección interna dos servizos, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada ao alcalde ou concelleiro con delegación xenérica na correspondente área.

Igualmente, corresponde ao concelleiro que ostenta a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, a facultade de supervisar a actuación do concelleiro ou concelleira con delegación especial.

Décimo quinto: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Décimo sexto: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía número 1859/2016, do 21 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 21 ao 25 de novembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía número 1875/2016, do 23 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 28 de novembro ao 14 de decembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/10155 o día 25 de novembro de 2016.

1º O pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular presentou un rogo en sede plenaria no que se poñía en coñecemento do equipo de goberno como veciños da urbanización A Barcala denunciaron a necesidade de restaurar os pasos para peóns existentes na mencionada urbanización que necesitaban non só o seu repintado senón a restauración da elevación que levan consigo como medida de moderación da velocidade.

Así mesmo observábase como as tapas da rede de sumidoiros existentes na urbanización se atopaban excesivamente afundidas respecto do nivel do solo, converténdose non só nun problema para os neumáticos dos vehículos que transitan pola urbanización senón para a propia circulación, xa que os vehículos tratan de esquivala, converténdose así nun auténtico problema de seguridade viaria.

Catro meses despois do compromiso adquirido, as deficiencias observadas seguen sen ter sido tratadas; tendo recibido queixas, polos mesmos motivos, dos veciños da parroquia do Temple.

De aí que, tendo en conta que tanto a infraestrutura viaria como o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación de vías públicas son competencias que deben prestar ou exercer os concellos conforme co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Grupo Municipal Popular solicita do equipo de goberno que se tomen as medidas oportunas para resolver os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que nestes catro meses o que fixeron foi o proxecto, entre outras moitas cousas, o proxecto fíxose, son cincuenta e cinco mil euros e cando se poida se procederá. Espera que se aprobe o orzamento municipal para poder acometer as obras.

2º O proxecto do Goberno de España e Red Eléctrica Española de construír unha subestación e un tendido eléctrico de alta tensión que atravesese toda a comarca na que estamos incluídos os veciños de, entre outros municipios, Cambre, coa finalidade de dotar de subministración eléctrica á capital da provincia, está sendo tachada de escurantista por parte dos veciños. Sobre todo polo que de ataque ao patrimonio histórico-artístico,

natural e arqueolóxico pode chegar a converterse. Sobre a base das mencionadas queixas e tendo pasado con creces o trámite de consulta sen ter informado disto aos plenos, dende o Grupo Municipal Popular, solicítase ao equipo de goberno que informe ao Pleno de Cambre sobre as medidas a adoptar ao respecto.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que se alegra moito que o grupo municipal Popular realice algún tipo de crítica ao goberno do Estado, que tamén é popular, porque se ás veces o merece, é oportuno que tamén se lle faga e el o agradece, porque isto é coherencia. Respecto deste tema, sorpréndelle un pouco o rogo, porque é que non ten incidencia sobre Cambre o proxecto presentado, é Culleredo. Non se presentou ningún tipo de alegación, porque realmente non afecta a Cambre. Os concellos afectados son Abegondo, Culleredo, Carral, Arteixo e Cerceda, dado que pasa polo cumio do monte Xalo. Di que se queren lles entrega un plano, hai unha marca, se equivocan eles, porque o que fan é unha referencia moito maior do que é o ámbito do conxunto, marca unha liñas vermellas, realmente é para identificar a situación nun tema que é estatal e como comprenderán necesitan tratar. A exposición é no Xalo e unha vez alí en vez de chegar ao cumio, vanse por dous bordos do Xalo. Non afecta a Cambre, senón tiñamos que ser notificados e non o fomos. Di que se len o xornal La Opinión do día 25 de setembro de 2016 aparece publicado un esquema, e lles pasará un plano moito maior a outra escala.

3º Veciños de Cambre puxéronse en contacto con membros do Grupo Municipal Popular alertando do mal estado e falta de mantemento dos alcorques no centro da capital municipal.

Ademais da ausencia nos mencionados alcorques das árbores que lles dan sentido, estes estanse convertendo, ademais de nun foco de sucidade, nun auténtico perigo para a seguridade dos viandantes (fundamentalmente nenos e persoas maiores), polo estado no que se atopan, tal e como demostran as fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se requira ao concelleiro competente, que se adopten as medidas necesarias para resolver as ditas deficiencias.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos, di que recolle o rogo totalmente. Ela agora está de vacacións non sabe se está amañado ou non, pero o luns cando recollan os rogos e preguntas para o pleno, xa deu orde a brigada para que, en principio, púxose amaño co firme para que ninguén tropece e non haxa ningunha caída de ningunha persoa. Por outra banda, xa se chamou tamén a empresa para que repoña a árbore que aí estaba, que as últimas tres intervencións que se tiveron que facer nesa praza que foron un pivote, un farol e esta árbore, foron as típicas cargas e descargas de camións que dan marcha atrás e romperon a árbore.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/147 o día 24 de novembro de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Pregamos nos informen do estado do proxecto de poda do arboredo da estrada da Estación (CP.1702), sacado a contratación pola Deputación Provincial pola cantidade de 27.364 euros, e dos motivos que impediron levar a cabo a dita actuación.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos, manifesta que efectivamente a Deputación licitou a poda antes do verán, parécelle que foi en maio, non o sabe con exactitude pero é o que lle dixeron dende a Deputación. Licítouse xa pasara a primeira época de poda. Entón, dixeron que ía na segunda época que normalmente é no mes de outubro. Segundo din os técnicos, o técnico da Deputación estivo aquí o xoves da semana pasada, debido ás temperaturas tan altas que houbo este verán a caída da folla neste tipo de árbore se atrasou, co cal se estaba esperando a que caera a folla, que xa caeu e dixo que comezarían a principios de decembro a facer a poda.

2º O camiño municipal que transcorre entre Andeiro e Anceis, leva máis de dous meses cortado no lugar de Mercurín, debido ás obras para o seu acondicionamento. Sendo conscientes da necesidade da obra a executar, chama a atención a demora na súa finalización.

Por isto pregamos nos informen do motivo de non ter instalados sinais apercibindo do corte do camiño, obrigando á circulación de vehículos a retroceder e ir por camiño alternativo, e o máis grave, por que circulan autobuses de transporte escolar sen estar rematada a obra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, expón que el foi ,cre, por alí tres veces e soubo perfectamente que estaba cortado e non chegou ao pozo. Subiu por arriba polo que é o alto, baixou pola outra pista e chegou ao outro lado. Ao mellor cando don Antonio Bruquetas, ou cando llo indicaron, non estaba. Repite, el cando foi as tres veces, si estaba indicado. É verdade que se produce nun tema que non foi un erro, cre que foi un despiste dos técnicos, os cales avaliaron unha parte en Mercurín, pero cando se deron conta esa parte non era soa, co que había outra, contrataron unha parte e se alongou o proceso de contratación para a outra parte, porque había que adaptar as partidas. O único que se fixo é dar instrucións que se miren con máis calidade e que non se fagan así. Atrasou o proceso e di que non foron áxiles, porque si que en certo momento puideron ter reparado o solo. Os técnicos dicían que eran perigoso. A verdade que non era nada perigoso, porque ten un largo suficiente o que se fixo alí como para pasar. Solucionouse, recibe o rogo e para a vindeira vez intentará superarse e facelo mellor.

3º Tendo en conta que as derradeiras actuacións na estrada Castellana, AC-214, fixeron hábiles as beirarrúas no tramo que vai dende o cruceiro ata a rotonda, e que ademais fixeron aparcadoiros, ou apartadeiros, que fan necesario unha nova formulación de seguridade viaria.

Polo tanto pregamos ao Goberno que faga as xestións necesarias coa administración competente para dispoñer neste tramo, antes citado, un novo paso de peóns que permita un paso seguro aos viandantes da zona.

Concedida a palabra a dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que en relación con esta estrada solicitará a Policía local que redacte un informe, dende a entrada de Pravio e a estrada co cruzamento de Armental ata a zona dos Castros do Bosque, en Volteiro onde se sitúa a farmacia e a zona do Pombo, onde se sitúa un bar, Punto de Encontro. Nalgúns tramos hai sinais de 70, intentará que se poña en todo a 50, intentar poñer no informe sinais máis grandes e estudar onde se poderían colocar pasos de peóns.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que agradece estas medidas. Son as que sempre ven a demandar dende hai tempo o seu grupo. Di que o tramo é perigoso porque preto xa do cruceiro hai varios pasos de peóns e, ademais co tema das paradas do bus, entón xa está máis controlado. Di que pola zona onde estaría a farmacia á que se refire e máis a zona da fábrica das gaitas de Seivane tampouco hai ningún paso de peóns.

Dona Josefa Vázquez Soto manifesta que na primeira información que lle facilitou a Policía que xa estivo alí é que se intentaría poñer o que é o paso de peóns, dun lado hai paso de peóns na rotonda, se intentaría poñer nos outros tres lados pasos de peóns e fronte á farmacia outro. Di que se estudará.

Rogos do C's presentados por escrito

1º Rexistrado de entrada ao núm. 0/10149 o día 25 de novembro de 2016.

Os parques infantís son zonas moi demandadas polos veciños e non todas as zonas de Cambre contan con eles, como é o caso de Pena da Nosa Señora. Soamente na urbanización Eira de Arriba hai unhas 40 vivendas e na maioría hai nenos. Entre todas as urbanizacións as vivendas aproxímanse a unhas 200. Todos estes nenos non

teñen un parque infantil onde poder socializarse entre eles, coñecerse e xogar. Tampouco as persoas maiores teñen unha zona común cuns bancos onde poder sentarse e relacionarse co resto de veciños. A estes pais non lles queda máis remedio que coller o coche para poder levar aos seus fillos a outros parques. Entrando dende Estorrentada tampouco atopamos ningún sitio onde se poidan nin sequera sentar.

Ante as peticións recibidas por parte de moitos pais que viven neste núcleo, dende Ciudadanos Cambre traemos a este pleno o seguinte rogo:

Que o Goberno poña todos os medios necesarios para a instalación dun parque infantil e tamén bancos onde sentarse preto ou dentro do dito parque, na zona da Pena da Nosa Señora á maior brevidade posible e que tamén se realice un estudo sobre que parques infantís en Cambre non son utilizados polos veciños, cales deles poderían ser trasladados a outras zonas con maior demanda, e cales se quedan pequenos e necesitan ampliarse ou ben, a instalación doutro próximo.

Achegan fotos do parque de Pravio, o cal teñen visitado cada dous días durante o último mes e a diferentes horas e nunca teñen visto nin un so neno. Tampouco na zona de adultos, pola herba pode observarse que non se utiliza. Só hai nenos dous días ao ano, cando son as festas.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos, manifesta que neste rogo ve dúas partes, unha os parques infantís e outra os bancos. Di que non está pensado facer un parque na Pena da Nosa Señora e día de hoxe ata que se presentou este rogo, nin se prevé nos orzamentos que xa lles entregaron. Di que é totalmente insostible economicamente facer un parque infantil por cada núcleo de poboación, é dicir, totalmente insostible. Quizais máis a idea sexa de que nas zonas rurais en cada parroquia, é o caso de Pravio e é o único parque que teñen, é dicir, en Cambre, ela entende que a Pena da Nosa Señora queda un pouco apartada do centro de Cambre, pero está próxima ao centro de Cambre e tamén á urbanización da Barcala, que ten tres parques agora mesmo e en Cambre hai o parque da Igrexa e o parque do Balado. Quere dicir que non todo o mundo vai ter o parque diante da súa casa.

Continúa a dicir respecto dos bancos, está totalmente de acordo que se pode estudar unha zona para instalar os bancos para que a xente maior teña unha zona onde quedar pola tarde, unha zona de espaxamento.

Dende o seu punto de vista persoal, facer un parque nun sitio en detrimento de deixar a unha parroquia que xa o ten dende hai anos, que será ou non será o sitio máis axeitado onde poñelo ou o parque mellor ou peor, que niso xa non se mete, ese parque leva anos en Pravio, é dicir, poñer un parque novo nun sitio que ten outros parques preto en detrimento de deixar unha parroquia sen parque, non lle parece tampouco a maneira máis correcta. Repite, que de todas maneiras, todo se pode estudar e a partir da presentación deste rogo por parte de Ciudadanos o poden estudar e avaliar, pero, en principio, non se prevé.

Dona M^a José García Hidalgo expón que a demanda é real e que está disposta a presentarlle as sinaturas dos pais que lle solicitaron isto, que eles estaban dispostos a recollelas entre os veciños. Di que o tema do parque de Pravio, di que claro manter este parque que soamente se utiliza o día da festa, pensa que lle sale máis barato ao concello para a festa alugar un inchable. Que non se pode facer en Pena da Nosa Señora porque ao mellor agora mesmo o problema é o terreo, xa o vira co señor Leirós que nesa zona non había ningún terreo municipal, ben, pero tamén se pode intentar alugar algún e, incluso, facer un traslado das cousas que hai no parque infantil de Pravio a esa outra zona. A cuestión é ter a vontade de facelo

2º Rexistrado de entrada ao núm. 0/10150 o día 25 de novembro de 2016.

Ata a data certas concesións administrativas seguen en precario, como é o caso concreto de Augaservi, empresa encargada da subministración e mantemento da rede de abastecemento de auga potable, a cal leva 10 anos nunha situación de irregularidade, sen vixencia dende o ano 2006 e que ningún goberno anterior a este

solucionou. Nin se ten aberto un concurso público de adxudicación da dita concesión, nin unha posible renovación automática en todas as garantías legais oportunas. O mes pasado Ciudadanos presentaba este rogo como moción, a cal non puido cursarse ao non terse presentado en prazo e propoñía que o Goberno puxera todos os medios necesarios para sacar a concurso a concesión do servizo de auga potable e rede de sumidoiros o máis pronto posible dentro deste ano 2016.

Aos poucos días tivemos coñecemento pola prensa de que o Goberno contratou unha auditoría do servizo de auga para sopesar cal sería a mellor opción para dar solución a esta irregular situación, e é por isto que rogamos:

Se facilite a todos os grupos municipais que o desexen, copia do contrato para a dita auditoría coa empresa elixida.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, expón que se lle remitiu, agarda que o teñan recibido, a todos os grupos municipais unha copia do contrato asinado con este empresa, se enviou por correo o día 28 de novembro de 2016, aproximadamente ás 14,49 horas, dende a Alcaldía. Pregunta se o recibiron. Non hai problema en facilitar o contrato. Di que con isto queda contestado o rogo. Matiza que é un contrato menor, polo tanto, non hai contrato como tal específico, o contrato é a resolución, que foi o que se remitiu.

3º Rexistrado de entrada ao núm. 0/10151 o día 25 de novembro de 2016.

Dentro do Rexistro e do salón de plenos deste concello, nin os veciños nin empregados municipais dispoñen de wifi gratuítas aberta como si sucede no resto do edificio, onde si se dispón deste servizo. Solucionar esta deficiencia sería sumamente sinxelo e económico, pois bastaría coa instalación dunha ou varias antenas.

Afondando máis na cuestión de ofrecer aos veciños facilidades para o uso das novas tecnoloxías, a cobertura wifi deberíamos tela en todo o municipio, ou polo menos inicialmente en zonas como o centro de Cambre, O Temple ou A Barcala.

Por todo isto rogamos:

Se dispoña de wifi o antes posible en todo o edificio do concello e calquera outro local de propiedade municipal que estea prestando algún tipo de servizo aos veciños de Cambre, e que tamén se nos informe que pasos se está dando este Goberno para intentar dotar a todo o municipio de cobertura wifi nun futuro.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, pide perdón por non facilitar a información, porque isto realmente o leva o señor alcalde da súa man e el vai facer o que poida por contestarlle, se iso, se lle contestará por escrito. Di que no concello hai wifi, de feito, teñen un problema gordo porque a mocidade están na porta, coñecen o tema, non sabe as temáticas que están a usar, co que, se verá se conseguen controlar ese aspecto. Di que non desconfía pero non sabe e que sexa a propia institución a que o promova non lle parece. Respecto dos outros temas, sabe que como mínimo había tres propostas que eran Cambre, O Temple e as zonas urbanas para colocar a wifi de balde e se estaban a contratar.

Dona M^a José García Hidalgo manifesta que referente a que se está a intentar solucionar o problema que hai no edificio con algunhas zonas, efectivamente tivo unha reunión co alcalde esta semana, cos informáticos do Concello de Cambre e verificou efectivamente que había zonas onde non se recibe ben o sinal wifi, incluso, neste salón moitas veces cando estamos a wifi da planta baixa non funciona. Hai un problema coa seguridade que o departamento de informática está a intentar solucionalo e se nos dixo que proximamente o solucionarán. Di que respecto da resposta de cobertura wifi en determinadas zonas do concello de Cambre entende perfectamente a súa resposta e dille que llo agradece e que no lle importará a el que, xa que é o alcalde quen leva este tema, noutro momento poida reformular de novo isto como unha pregunta, quizais noutro pleno, sen ánimo de dudar

da palabra do señor concelleiro nin moitísimo menos.

Don Juan González Leirós expón que o que suxería é que cando o señor alcalde estea ben que lle remita a vostedes toda a información, soamente intentaba dicir que estaba nisto e evidentemente o señor alcalde ten que contestar que é quen leva o tema. Expón que os defectos que el puidera ter nesta contestación, el os rectificará, e así mesmo pide desculpas se cometeu algún erro. Di que por suposto que hai que contestar o rogo e isto non vale como contestación.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª Entramos no final do outono e as condicións meteorolóxicas xa están sendo adversas para aguantar a chegada do transporte público sen o apoio que significa a presenza de marquesiñas.

Xa teñen sido varias as ocasións nas que os diferentes grupos políticos puxeron de manifesto, en sede plenaria, o estado no que se atopan as marquesiñas existentes no noso concello. A contestación dende o equipo de goberno ten sido que se ía realizar un estudo integral sobre o estado no que se atopan as marquesiñas do concello, sen que a día de hoxe saibamos nada sobre tal estudo nin se teña reparado ningunha das deficiencias observadas.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente cando se nos vai informar sobre o mencionado estudo e se van reparar as deficiencias apuntadas nas marquesiñas existentes no territorio de Cambre e a mellora das xa existentes.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos, manifesta que cre que foi ela a que dixo que se estaba a realizar un estudo de arranxo das marquesiñas. O estudo non está rematado e di que se compromete que cando o estea, o remitirá a todos os grupos. Di que recolle totalmente o rogo. As marquesiñas están feitas un desastre. O que se fixo foi detectar as que están en peores condicións, ben por chamadas de veciños, ben por escritos por rexistro, ben por peticións dos grupos, a valoración que ten ata agora das máis urxentes, repite, ou onde hai máis xente usuaria, pasa de 6.000 euros. Está á espera da aprobación dos orzamentos e reparáranse de inmediato, polo menos, as máis usadas.

2ª Nos últimos meses os veciños de Cambre (fundamentalmente da parroquia do Temple) viron como manadas de xabarís irrompían nas súas rúas co perigo que iso supón para persoas e bens, fundamentalmente en materia de seguridade viaria.

Incluso unha delas foi escoltada pola propia Policía Local de Cambre que dirixiu ata oito exemplares dos ditos mamíferos cara á presunta zona de procedencia, no municipio de Oleiros; cuxa gravación colgada na rede pronto se converteu en viral.

Pero esta non ten sido a única ocasión que tal suceso ocorre no Temple, tendo ocorrido polo menos tres veces no pasado mes de outubro, co evidente perigo para a seguridade viaria que supón non só o acceso aos núcleos de poboación senón o cruzamento sen control destes animais por vías de alta capacidade como poden ser a N-VI ou a propia autoestrada AP-9.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de seguridade viaria sobre estes sucesos e as medidas que se están adoptando para evitar males maiores.

Concedida a palabra a dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que os xabarís, como ben di o señor concelleiro, están na franxa de terreo entre Vila

Concepción e as Casas Bailly, pertencente practicamente a Oleiros. Di que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio autorizou unha batida que consistía en esperas nocturnas da modalidade de arco para dar caza ao xabaril. O único que se pode facer é intentar quitarlos das estradas, que non sexan un perigo público e agora mesmo sería o único que podería facer a policía local e avisar á administración competente para que se faga cargo disto.

3ª A violencia de xénero segue sendo unha das principais eivas da sociedade española. No presente ano 2016, decenas de mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex parellas no noso país. Problema que, ademais, persiste a nivel global, xa que para a Organización Mundial da Saúde, unha de cada tres mulleres no mundo ten sufrido violencia física ou sexual.

Coa finalidade de intentar tomar conciencia desta indignante situación social, cada 25 de novembro celébrase o Día internacional contra a violencia de xénero. Unha xornada para reflexionar, tomar conta dos avances conseguidos no último ano, propoñer medidas para mellorar os resultados obtidos e visualizar a maridaxe entre as institucións e a cidadanía.

Día internacional contra a violencia de xénero que foi celebrado sistematicamente os últimos anos tamén en Cambre. Sorprende, non obstante, que este ano non se celebrara o dito día, como se merece, no noso municipio; con invitación aos veciños e aos membros de todos os grupos políticos con representación no pleno municipal para a súa presenza no dito acto, o que supón claramente un novo exemplo da forma de gobernar de costas aos veciños do noso Goberno municipal de Cambre. Sobre todo cando, polo Goberno municipal, tense incluído na orde do día do pleno ordinario do mes de novembro, unha moción enviada pola FEMP coa finalidade de manifestar o máis enérxico rexeitamento ante calquera tipo de violencia de xénero, renovar o seu compromiso de colaborar e impulsar accións cuxo fin sexa a erradicación da gran eiva social que supón a violencia contra as mulleres e as nenas e comprometéndose a incluír a violencia de xénero na axenda política como un problema prioritario.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno cales foron as auténticas razóns para non cumprir con este compromiso coa cidadanía de Cambre e co resto de membros da Corporación, e se ese vai ser o criterio a seguir nos vindeiros anos.

Concedida a palabra a dona Maria Jesús Gómez González, concelleira de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, manifesta que dende o equipo do goberno houbo o compromiso de incluír na axenda política accións dirixidas á erradicación da violencia de xénero con diferentes actuacións.

Un, nos institutos de educación secundaria desenvolvéronse seis sesións en cada un dos grupos de 2º de ESO, onde se traballou a violencia de xénero a través da coeducación e o mesmo día 25 de novembro se levou a cabo un lip dub onde se reflectía todo o traballado no longo do obradoiro. O lip dub tivo lugar durante o tempo de recreo.

Dous, nos cinco CEIP do municipio de Cambre desenvolveuse un contacontos en cada un dos colexios dedicado aos alumnos de 5º e 6º de educación primaria, arredor da celebración do día internacional da eliminación da violencia de xénero. Trátase dunha narración lúdica onde se busca a reflexión arredor do contido como a violencia de xénero, a igualdade, os estereotipos, o machismo, o feminismo, etc.

Tres, a quinta andaina pola igualdade en contra da violencia de xénero o 26 de novembro que se organiza dende o Consorcio das Mariñas co fin de amosar o rexeitamento dos nove concellos e toda a poboación das Mariñas a esta praga social. Pensa que calquera destas accións son máis efectivas que celebrar o acto simbólico de gardar un minuto de silencio. De todos modos, di que non ten inconveniente en levar a cabo este acto simbólico nos vindeiros anos.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/147 o día 24 de novembro de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Hai unha semana pintáronse as liñas amarelas nas inmediacións da parada do bus na Patiña, eliminando unhas prazas de aparcamento na zona. A intención deste feito entendemos que é para facilitar a manobra dun xeito máis seguro e doado.

Dende ACdC temos serias dúbidas, debido ao malestar xerado entre a veciñanza por esta medida:

Poden informarnos polo miúdo desta actuación? Ten o Goberno algunha alternativa para compensar a perda de aparcadoiros na zona?

Concedida a palabra a dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, expón que tras varios escritos dun veciño, no que denunciaba a perigosidade da manobra que realizaba o bus no fin da liña pouco antes de chegar á farmacia, que tiña que invadir o carril da marxe esquerda para realizar unha manobra de marcha atrás cara á pista para poder dar a volta. Despois de estudar tanto por parte dos técnicos como a policía local e como a empresa de autobuses se decidiu que os buses deran a volta entrando cara aos garaxes no edificio da Patiña onde se sitúa a farmacia, o autobús fai esta manobra fóra da estrada provincial 1704. Cos veciños, di, tivo onte martes unha reunión e chegaron totalmente a un acordo. Os aparcadoiros pola noite cando non teñan servizo os buses poden estacionar alí, coa condición que unha vez que termine a liña o bus e antes de que comece o primeiro bus da mañá. Teñen aparcadoiros na marxe esquerda e dereita que moitas veces están baleiros. De todos os xeitos, di que chegou a un acordo cos veciños onte na citada reunión.

2ª O servizo de bonotaxi pretende ser unha axuda para aquelas persoas que non dispoñen dun vehículo propio e teñen que moverse de urxencia.

Pode o Goberno informarnos do éxito e volume de usuarios do bonotaxi?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, manifesta que do servizo de bonotaxi se benefician dezaseis persoas, no que vai de ano. Neste momento, hai dous máis que se están a tramitar, pendentes de documentación; hai unha renuncia voluntaria e unha axuda denegada porque ten débedas coa Xunta de Galicia. Estáse a gastar o cen por cen da axuda neste ano.

3ª A ONG Mestura leva tempo colaborando no noso concello, nos seus 13 anos de vida, e temos coñecemento de reunións mantidas entre eles e o Goberno, reunións das que nos gustaría ter máis información polos asuntos nos que traballa a dita ONG.

Poden informarnos dos acordos acadados nestas xuntanzas?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, expón que, como todos saben, a ONG Mestura dirixida á integración socio laboral das persoas inmigrantes, inmigrantes retornados ou en risco de exclusión social. Entre as accións que desenvolven está a de información por un lado, e por outro, desenvolver obradoiros e cursos que supoñan axuda a unha mellora no benestar e empregabilidade destes colectivos. Dende o Concello de Cambre vense axudando a esta ONG facilitándolle un espazo físico dentro do centro sociocultural do Graxal. Están todos os venres pola mañá para atender a estas persoas residentes en Cambre e di que lles facilitan información e resollen dúbidas. Dentro da

negociación que teñen agora coa ONG neste último ano se falou de que se lles vai proporcionar un local para que teñan unha estabilidade ou ben cando Servizos Sociais teña a nova sede, ben alí, ou se non un despacho no centro de saúde do Temple, que foi desaloxado para as novas instalacións. Dentro das actividades que desenvolven alí teñen cursos de habilidades domésticas, cursos de manipulador de alimentos, cursos de repostería. Organizaron tamén este ano unha representación dun sktech nunha contorna urbano do Temple, co fin de achegarse ao maior número de persoas de todas as idades e condicións e amosar unha mensaxe social. Debido á colaboración estreita e desinteresada que nos presta a ONG Mestura, dende o concello nos orzamentos deste ano levarán unha axuda preto de 1.500 euros.

Pregunta do C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 0/10152 o día 25 de novembro de 2016.

Única: A principios de 2016, a Comisión Europea -Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas- puxo en marcha unha investigación sobre as consecuencias de utilizar produtos de caucho reciclado provinte de pneumáticos de automóviles en distintas superficies de uso público que van dende o céspede a parques infantís, pasando por outro tipo de terreos como pistas de atletismo, canchas deportivas, etc.

Se ben os resultados saíran á luz o vindeiro mes de febreiro, en países como Holanda teñen saltado as alarmas, chegando a suspender as competicións celebradas sobre céspede artificial, e en EEUU iniciáronse investigacións no mesmo sentido dado que xa existen casos de cancro cun mesmo nexo causal: o céspede.

O problema, como temos avanzado, parece ser que radica no uso de caucho reciclado provinte de pneumáticos en cuxo proceso de vulcanización se utiliza, como é ben coñecido, xofre, óxido de cinc, antioxidantes e hidrocarburos aromáticos.

Queremos supoñer que tanto a empresa adjudicataria dos traballos no campo do Brexo-Lema como este concello, son coñecedores da situación que, de maneira sucinta, lles acabamos de describir.

Con base nisto, Ciudadanos, Grupo Mixto municipal, formula a seguinte pregunta:

Tendo en conta a próxima publicación dos resultados da investigación da Comisión Europea, tomou o Goberno as medidas oportunas para garantir a seguridade sanitaria dos futuros usuarios da instalación?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, manifesta que antes de saber a diagnose non se poden tomar as medidas oportunas. Efectivamente, isto parece que está sendo obxecto de alarma en EEUU e en Europa, pero non é de agora, é xa dende o ano 2005. Seguramente o sitio onde máis alarma causou foi en Holanda. Hai trinta campos de fútbol de céspede artificial que están parados, que non deixan practicar a actividade física, calquera tipo de actividade deportiva neles. En Italia, tamén houbo. É un pouquiño como o tema do xamón, de vez en cando din que é canceríxeno e de vez en cando din que non. O asunto é que ante o cariz que están a tomar as cousas e ante o tema de que non hai ningún estudo taxativo que diga dunha maneira definitiva que hai unha relación causal entre os gránulos que se utilizan como amortecedores nos campos de céspede artificial e o cancro, antes de establecer esa relación causal, tampouco se pode establecer unha diagnose. Por iso a Comisión Europea encargou a unha axencia que se chama Axencia Europea de Substancias Químicas que realice unha diagnose, un estudo sometido aos diversos métodos científicos pertinentes para ver se hai efectivamente esa relación causal. Cando saiba se hai esa relación causal, se poden tomar as medidas oportunas. Dende logo, se a causa efecto é gránulos cancro, evidentemente, se terá que prohibir a realización de calquera tipo de actividade física e haberá que cambiar o tipo de amortecedor. Di que hai diversas solucións e cando se dera o caso sería o momento de estudalas.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta e tres minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan E. Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia